CONCELLO DE SANTIAGO

## INFORME DEPARTAMENTO DE DEPORTES

**ASUNTO:** VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS E INCLUÍDAS NO SOBRE 3 PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS TERREOS DE XOGO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAN LÁZARO I, SAN LÁZARO II E ZONAS VERDES ANEXAS DOS CAMPO DE SANTA ISABEL E SAN LÁZARO (SERGAS).

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración conxuntamente co Xefe do Departamento de Parques e Xardíns sobre o asunto anteriormente indicado considerándose as seguintes empresas:

1. XARDÍNS SENRA, S.L.
2. GECOTOP, S.L.
3. ISO-RIPARIA, S.L.
4. ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.
5. CESPA, S.A.
6. JARDINERÍA ARCE, S.L.

Son obxecto de valoración as empresas indicadas anteriormente en base aos criterios obxectivos, avaliables mediante cifras, e recollidos no punto 10 do prego de cláusulas administrativas no apartado OFERTA ECONÓMICA (40 puntos):

1. Mellor oferta económica (25 puntos)

Darase a mellor puntuación ao licitador que oferte o prezo máis baixo e as restantes propostas valoraranse de xeito proporcional.

2. Melloras ofertadas na prestación do servizo (15 puntos)

Outorgarase a puntuación máxima á oferta que inclúa as melloras cunha repercusión económica máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito proporcional.

As melloras a considerar que deberán de vir valoradas economicamente son:

a) Metros cadrados de tepe de reposición anual para sanear as zonas especialmente afectadas dos terreos de xogo. (porterías, medio campo, ...). *10 puntos.*
b) Melloras propostas no axardinamento das zonas verdes dos campos de Santa Isabel e San Lázaro (Sergas). *5 puntos*

### 1.- MELLOR OFERTA ECONÓMICA (25 puntos)

O orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de 55.942,71 €, sendo as ofertas económicas presentadas as que a continuación se enumeran:

**XARDÍNS SENRA, S.L.**
Oferta a cantidade de 52.586,15 €, máis ive. Supón unha baixa respecto do prezo de licitación de 3.356,56 €.

**GECOTOP, S.L.**
Oferta a cantidade de 50.068,73 €, máis ive. Supón unha baixa respecto do prezo de licitación de 5.873,98 €.

**ISO-RIPARIA, S.L.**
Oferta a cantidade de 48.997,00 €, máis ive. Supón unha baixa respecto do prezo de licitación de 6.945,71 €.

**ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.**
Oferta a cantidade de 55.942,71 €, máis ive. Supón unha baixa respecto do prezo de licitación de 0,00 €.

**CESPA, S.A.**
Oferta a cantidade de 50.266,00 €, máis ive. Supón unha baixa respecto do prezo de licitación de 5.676,71 €.

**JARDINERÍA ARCE, S.L.**
Oferta a cantidade de 40.625,35 €, máis ive. Supón unha baixa respecto do prezo de licitación de 15.317,36 €.

Tal e como se recolle nos criterios de adxudicación darase a mellor puntuación ao licitador que oferte o prezo máis baixo e as restantes propostas valoraranse de xeito proporcional.

En base ao anterior, o cadro final de puntuación deste apartado ordenado de forma decrecente —valorado con 25 puntos— sería o seguinte:

| EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA (sen IVE) | BAIXA ECONÓMICA (sen IVE) | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|
| **1.- JARDINERÍA ARCE, S.L.** | 40.625,35 € | 15.317,36 € | **25 puntos** |
| **2.- ISO-RIPARIA, S.L.** | 48.997,00 € | 6.945,71 € | **11,34 puntos** |
| **3.- GECOTOP, S.L.** | 50.068,73 € | 5.873,98 € | **9,59 puntos** |
| **4.- CESPA, S.A.** | 50.266,00 € | 5.676,71 € | **9,27 puntos** |
| **5.- XARDÍNS SENRA, S.L.** | 52.586,15 € | 3.356,56 € | **5,48 puntos** |
| **6.- ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.** | 55.942,71 € | 0,00 € | **0 puntos** |

## 2.- MELLORAS OFERTADAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO (15 puntos)

As melloras a considerar dentro deste epígrafe que deberán de vir valoradas economicamente son:

**2.a.- METROS CADRADOS DE TEPE DE REPOSICIÓN ANUAL PARA SANEAR AS ZONAS ESPECIALMENTE AFECTADAS DOS TERREOS DE XOGO. (PORTERÍAS, MEDIO CAMPO, ...). 10 PUNTOS.**

**CRITERIO EMPREGADO NESTE EPÍGRAFE**

As diferentes propostas presentadas polas empresas sitúannos nunha realidade bastante heteroxénea respecto do prezo por metro cadrado de tepe. O abano das ofertas vai desde os 7,91 €/m2 que propón a empresa Iso-Riparia, S.L., ata os 17,5 €/m2 que supón o definido por Zonas Verdes Anibal Soto, S.L. (Estas cantidades resultan de dividir a inversión proposta polo número de metros cadrados que indican). A maiores, salvo no caso concreto das empresas Cespa, S.A. e Jardinería Arce, S.L., as licitadoras non aportan características concretas do tipo de tepe.

Por outra banda, con excepción da empresa Cespa, S.A., non se define se, no prezo ofertado, inclúese a mán de obra precisa para a colocación dos metros cadrados de tepe proposto.

Ante esta falta de concreción, os técnicos que suscriben consideran oportuno definir un prezo de referencia do tepe por metro cadrado, polo que se solicitou orzamento a unha empresa especializada do sector. O prezo a considerar como referente é de 9,50 €/m², (sen incluir a mán de obra) sendo a cantidade máis cara das propostas pola empresa Ibergreen ao tratarse dun tepe que permitiría o seu uso inmediato.

Ante a falta información e características técnicas do tepe ofertado e, tendo en conta a disparidade nos prezos por unidade de metro cadrado resultante, considerase máis axustado á realidade valorar este apartado en función da proposta económica, comprometendo ás empresas ao investimento da cantidade ofertada. Se ben esta cuestión pode non axustarse ao definido no enunciado deste apartado, considérase o máis xusto e beneficioso para o servizo. En todo caso, a empresa adxudicataria sempre terá a garantía de que o seu investimento non superará a contía ofertada.

**XARDÍNS SENRA, S.L.**

Oferta 150 m² de tepe para cada un dos campos —San Lázaro I e II—, en total 300 m², valorando esta mellora coa cantidade de **3.840 €, máis ive**. *(A modo informativo o prezo por metro cadrado de tepe sae a 12,80 €).*

**GECOTOP, S.L.**

Non define os metros cadrados de tepe de reposición anual dos terreos de xogo. Valora economicamente en 3.200 € e 2.800 €, as cantidades a empregar para este concepto nos campos de San Lázaro I e San Lázaro II, repectivamente. O total económico desta mellora ascende á cantidade de **6.000 €, máis ive.**

***Non se considera** xa que explicitamente define que o tepe sairá dos arredores dos terreos de xogo para sanear as zonas especialmente afectadas. Se ben o prego técnico define dentro dos labores de mantemento ordinario (Punto g.: retepados) a posibilidade de extraer tepe dos arredores do campo, nesta mellora o tepe a considerar é precisamente, a maiores do definido no prego técnico e, polo tanto, deberá de aportarse de viveiros e non dos propios terreos de xogo.*

**ISO-RIPARIA, S.L.**

Oferta a reposición de 700 m² tepe, en total, a repartir entre ambos campos, valorando esta mellora coa cantidade de **5.540 €, máis ive**. *(A modo informativo o prezo por metro cadrado de tepe sae a 7,91 €).*

**ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.**

Figura un breve apartado no que oferta hasta 400 m² de tepe de reposición, valorando esta mellora coa cantidade de **7.000 €, máis ive**. *(A modo informativo o prezo por metro cadrado de tepe sae a 17,5 €).*

**CESPA, S.A.**

Oferta hasta 1.060 m² de tepe para sanear as zonas especialmente danadas dos campos, cuantificando 810 m² para o campo de San Lázaro I e 250 m² para o campo de San Lázaro II, ascendendo a valoración económica total á cantidade de **9.048,34 €, máis ive**. *(A modo informativo o prezo por metro cadrado de tepe sae a 8,54 €).*

Debemos destacar que figura unha descrición detallada dos traballos a desenvolver co motivo deste labor, xustificándose económicamente o seu custo e aportándose fotografías aereas dos campos coas zonas con máis probabilidade a ser tratadas. Na descrición dá claramente a entender que se trata de tepe precultivado en terra polo que, en consecuencia, non sae dos propios terreos de xogo.

**JARDINERIA ARCE, S.L.**

Indica que a valoración total do conxunto das melloras será de computo anual, é dicir, pola totalidade da oferta, de tal xeito que serán amortizadas durante o primeiro ano de duración do contrato.

Oferta hasta 410 m² de tepe, valorado en **4.446,90 €, máis ive**. *(A modo informativo o prezo por metro cadrado de tepe sae a 10,85 €).*

Non queda moi claro a orixe do tepe xa que nunha parte da explicación da mellora textualmente di *"Una vez retepadas las zonas necesarias se procederá a aportar tierra en la banda o vivero de la que se obtuvo el césped para proceder a la siembra y reconstrucción del suelo"*, achegando posteriormente unha ficha coas características do tepe. Esta información xera certas dúbidas respecto da orixe do tepe. En todo caso, o criterio a empregar será o mesmo que coas anteriores ofertas, é dicir, salvo que explicitamente se diga que saen dos propios terreos de xogo, considérase que o tepe reponse a través de viveiros externos e non dos propios campos, circunstancia esta última que non podería ser aceptada.

CONCELLO DE SANTIAGO

Aplicándose o definido nos criterios de valoración para este apartado, o cadro final de puntuación ordenado de forma decrecente sería o seguinte:

| EMPRESA | MELLORA ECONÓMICA (sen IVE)<br>Metros cadrados de tepe de reposición anual | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| **1.- CESPA, S.A.** | 9.048,34 € | **10 puntos** |
| **2.- ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.** | 7.000,00 € | **7,74 puntos** |
| **3.- ISO-RIPARIA, S.L.** | 5.540,00 € | **6,12 puntos** |
| **4.- JARDINERÍA ARCE, S.L.** | 4.446,90 € | **4,91 puntos** |
| **5.- XARDÍNS SENRA, S.L.** | 3.840,00 € | **4,24 puntos** |
| **6.- GECOTOP, S.L.** | 0,00 € | **0,00 puntos** |

## 2.B.- MELLORAS PROPOSTAS NO AXARDINAMENTO DAS ZONAS VERDES DOS CAMPOS DE SANTA ISABEL E SAN LÁZARO (SERGAS). 5 PUNTOS

### CONSIDERACIÓNS XERAIS

Nas ofertas que se detallan os prezos por unidade, unha vez valoradas, considéranse que se axustan en liñas xerais a prezos de mercado.

Nas ofertas que unicamente se definen os traballos de forma xenérica e se lles da un valor total, é compricado valorar se son prezos axustados a valores de mercado. En todo caso, continuando coa liña argumentantiva do epígrafe anterior, nos casos en que a mellora se considere procedente, a valoración será en función do valor económico da mesma.

### XARDINS SENRA, S.L.

I. Propón a resembra en outono de festuca arundinacea (15 gr/m$^2$), indicando as diferentes mestura de semillas e valorando esta mellora en **780,00 €, máis ive**.

### GECOTOP, S.L.

I. Propón para o campo de fútbol de San Lázaro (Sergas) a formación gradual de taludes de baixo mantemento mediante a utilización de prantas tapizantes e a recuperación da zona exterior plana mediante a formación de céspede, previa actuación nas zonas a tratar (nivelación do espazo, aportación de terra vexetal e sembra). A valoración desta mellora a cuantifica en 2.900 €, máis ive.

II. Para o campo de fútbol de Santa Isabel, propón a recuperación gradual do entorno para conseguir un manto verde uniforme para o que entende sería necesario realizar unha serie de

actuacións previas (desbroce, nivelación do terreo, aportación de terra vexetal e sembra). A valoración desta mellora a cuantifica en 2.400 €, máis ive.

A valoración económica total deste apartado ascende a cantidade de **5.300 €, máis ive**. Esta mellora resulta complicada de avaliar xa que non aporta cantidades concretas de material a empregar.

**ISO-RIPARIA, S.L.**

I. Propón o escarificado e resembrado anual da zona verde anexa ao campo de fútbol de Santa Isabel, valorando esta mellora en 3.600 €, máis ive. Aínda que a mellora pode considerarse, non indica unidades de materiais (abonos, semillas, ...)

II. Propón o esmaltado de postes das porterías de San Lázaro I e a reposición da valla de atletismo valorado en 230 €, máis ive.

**Non se considera** xa que non se axusta ao solicitado no prego dado que as instalacións a tratar non son as zonas verdes dos campos de San Lázaro (Sergas) e Santa Isabel.

III. Servizo de limpeza de banquillos con hidrolimpadora e acondicionamento das zonas primas da pista de atletismo unha vez ao mes, valorando estas melloras en 1.600 €, máis ive.

**Non se considera** esta mellora xa que novamente non se actúa nas zonas verdes dos campos de San Lázaro (Sergas) e Santa Isabel, tal e como se establece no prego.

IV. Propón unha bolsa de incidencias para aquelas cuestións extraordinarias que acontezan anualmente, ofertando 150 horas. Valora o prezo/hora en 13,83 €, polo que no suposto de empregar a totalidade das horas o custo económico ascendería a 2.074,50 €, máis ive.

**Non se considera** polos motivos explicados nos puntos anteriores.

Tendo en conta as melloras consideradas a oferta económica ascende á cantidade de **3.600 €, máis ive**.

**ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.**

I. Oferta unha primeira mellora relativa á dispoñibilidade do persoal e adicación horaria, estimando un 15% do determinado no orzamento, valorando economicamente esta mellora en 3.891,99 €, máis ive.

**Non se considera** dado que non ten nada que ver co tipo de mellora que se está a avaliar

II. Oferta unha segunda mellora que ten que ver coa calidade das areas de recebo (300 Tn), valorandoa en 5.000 €, máis ive.

**Non se considera** a mellora proposta xa que novamente trátase dunha cuestión que para nada ten que ver co axardinamento das zonas verdes dos campos de Santa Isabel e San Lázaro (Sergas).

III. Figura un epígrafe que literalmente recolle "axardinamento zonas verdes San Isabel e San Lázaro", sen que figure ningún outro dato, nin valoración económica algunha.

IV. Finalmente propón un número de horas e gastos de material para definir posteriormente de acordo co Concello as actuacións. O que oferta é:

Persoal con maquinaria lixeira 160 horas, cunha valoración económica de 1.500 €, máis ive.
Persoal con maquinaria pesada 60 horas, cunha valoración económica de1.800 €, máis ive.
Materiais diversos, cunha valoración económica de 1.800 €, máis ive.

**Non se consideran** dado a súa indefinición, xa que non aporta datos para poder valoralas de acordo co establecido no prego.

Tendo en conta as melloras consideradas o total do valor económico ascende á cantidade de **0,00 €.**

**CESPA, S.A.**

I. No campo de fútbol de San Lázaro (Sergas), oferta tapizar todo o talud situado encima dos vestiarios e na zona de bancadas, utilizando plantas resistentes. Propón tamén ocultar o depósito de rego con elementos vexetais. Figura un cadro resumo onde detalla as características das melloras e o seu custo (prezos por unidade), que ascende á cantidade de 3.866,01 €, máis ive.

II. No campo de fútbol de Santa Isabel oferta axardinar a xardineira de obra situada fronte á entrada principal ao campo, instalando ademais rego automático por goteo (define prezos individuais). Novamente aporta un cadro resumo onde xustifica o valor destas melloras que ascende á cantidadede 661,15 €, máis ive.

O total das melloras consideradas ascende a **4.527,16 €, máis ive**.

Salientar que dentro deste sobre 3 figuran unha serie de cadros económicos onde se xustifica o prezo ofertado (de modo esquemático) e unha extensa táboa con análise de custos do servizo a prestar (persoal, materiais, melloras,..).

**JARDINERIA ARCE, S.L.**

I. No campo de fútbol de Santa Isabel oferta instalar 59 metros lineais de canaleta Aco Drain, entre o campo e o talud lateral, así como, incrementar a frecuencia de sega na pradeira e no talud a 18 cortes anuais. A valoración económica neste apartado fai referencia á instalación da canaleta ao longo do lateral dos banquillos, e ascende á cantidade de 1.652 €, máis ive. Aporta a descrición das características da canaleta.

II. No campo de fútbol de San Lázaro (Sergas) oferta a plantación de 107 metros lineais de seto na cabeza do talud, cunha densidade de 1 planta/ml, así como, incrementar a frecuencia de sega en pradera e taludes a 18 cortes anuais. A valoración económica neste apartado fai referencia á

plantación de seto na cabeza do talud, incluíndo o primeiro rego e abonado, e ascende á cantidade de 963 €, máis ive.

III. Nun cadro final figura a valoración do incremento na frecuencia das segas na pradeira e no talud das zonas verdes dos 3 corte anuais aos 18, que ascende á cantidade de 1.005 €, máis ive.

**Non se considera** ao entender que esta mellora non é precisa nas frecuencias propostas. A modo informativo indicar que os 3 cortes anuais aos que fai referencia son os que figuran na oferta técnica da empresa no apartado de desbroces.

O total das melloras ascende á cantidade de **2.615 €, máis ive**

En base ao anteriormente exposto a puntuación deste apartado ordenada de forma decrecente sería a seguinte:

| EMPRESA | MELLORA ECONÓMICA (sen IVE) Melloras axardinamento zonas verdes | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| **GECOTOP, S.L.** | 5.300,00 € | **5 puntos** |
| **CESPA, S.A.** | 4.527,16 € | **4,27 puntos** |
| **ISO-RIPARIA, S.L.** | 3.600,00 € | **3,40 puntos** |
| **JARDINERÍA ARCE, S.L.** | 2.615,00 € | **2,47 puntos** |
| **XARDÍNS SENRA, S.L.** | 780,00 € | **0,74 puntos** |
| **ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.** | 0,00 € | **0,00 puntos** |

Tendo en conta a puntuación parcial de cada un dos apartados a valorar dentro dos criterios obxectivos, avaliables mediante cifras, e recollidos no punto 10 do prego de cláusulas administrativas para un total de 40 puntos posibles, a puntuación final ordenada de forma decrecente sería a seguinte:

| EMPRESA | PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA | PUNTUACIÓN MELLORAS EN M2 DE TEPE | PUNTUACIÓN MELLORAS ZONAS VERDES | PUNTUACIÓN FINAL |
|---|---|---|---|---|
| JARDINERÍA ARCE, S.L. | 25 puntos | 4,91 puntos | 2,47 puntos | **32,38 puntos** |
| CESPA, S.A. | 9,27 puntos | 10 puntos | 4,27 puntos | **23,54 puntos** |
| ISO-RIPARIA, S.L. | 11,34 puntos | 6,12 puntos | 3,40 puntos | **20,86 puntos** |
| GECOTOP, S.L. | 9,59 puntos | 0,00 puntos | 5 puntos | **14,59 puntos** |
| XARDÍNS SENRA, S.L. | 5,48 puntos | 4,24 puntos | 0,74 puntos | **10,46 puntos** |
| ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L. | 0,00 puntos | 7,74 puntos | 0,00 puntos | **7,74 puntos** |

CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO FINAL DA PUNTUACIÓN

En conclusión, unha vez valoradas as propostas presentadas polas empresas admitidas a concurso para a prestación do servizo de mantemento e conservación dos terreos de xogo dos campos de fútbol e San Lázaro I, San Lázaro II e zonas verdes anexas dos campos de Santa Isabel e San Lázaro (Sergas), salvo erro involuntario na súa avaliación, **a puntuación final deste proceso quedaría da seguinte forma**:

| EMPRESA | Puntuación Sobre nº 2 | Puntuación Sobre nº 3 | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|
| JARDINERÍA ARCE, S.L. | 33,50 | 32,38 | 65,88 puntos |
| CESPA, S.A. | 33 | 23,54 | 56,54 puntos |
| ISO-RIPARIA, S.L. | 19 | 20,86 | 39,86 puntos |
| GECOTOP, S.L. | 20 | 14,59 | 34,59 puntos |
| ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L. | 25 | 7,74 | 32,74 puntos |
| XARDÍNS SENRA, S.L. | 20 | 10,46 | 30,46 puntos |

En consecuencia, **a empresa que recibe a máxima puntuación é Jardinería Arce, S.L.**.

Con independencia da puntuación recibida, os técnicos que suscriben propoñen aos membros da mesa de contratación que valoren a posibilidade de solicitar á empresa Jardinería Arce S.L., —antes de proceder á adxudicación definitiva deste concurso— un estudo de viabilidade do servizo a prestar en base á súa oferta económica e proposta técnica, tendo en conta que a baixa que propón é moi superior á media do resto das ofertas económicas presentadas —chegando a duplicar a súa baixa a segunda oferta económica máis favorable—, realizando á súa vez unha oferta técnica moi completa.

É canto temos que informar, salvo opinión mellor fundada.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2012

DEPARTAMENTO DE DEPORTES CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo.: **José Antonio Mosquera Rodríguez**
Xefe do Departamento de Parques e Xardíns

Asdo.: **Juan C. Garabato Rodríguez**
Técnico en Programación e Xestión Deportiva

CONCELLO DE SANTIAGO

# INFORME DEPARTAMENTO DE DEPORTES

**ASUNTO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS E INCLUÍDAS NO SOBRE 2 PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS TERREOS DE XOGO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE SAN LÁZARO I, SAN LÁZARO II E ZONAS VERDES ANEXAS DOS CAMPO DE SANTA ISABEL E SAN LÁZARO (SERGAS).**

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración conxuntamente co Xefe do Departamento de Parques e Xardíns sobre o asunto anteriormente indicado, considerándose as seguintes empresas:

1. XARDÍNS SENRA, S.L.
2. GECOTOP, S.L.
3. ISO-RIPARIA, S.L.
4. ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.
5. CESPA, S.A.
6. JARDINERÍA ARCE, S.L.

Para avaliar as propostas presentadas por cada unha das empresas anteriormente enumeradas segundo o punto 10.2 dos criterios de valoración do prego "SOLUCIÓN TÉCNICA DA OFERTA" —non suxeito a criterios avaliables mediante cifras e/ou porcentaxes— seguíronse os criterios considerados no prego, que son os seguintes:

**1.- METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO. (10 PUNTOS)**

Este apartado divídese en:

1.1.-Organización xeral do servizo. Sistemas de información e comunicación. 5 puntos

1.2.-Plan de control e inspección. 5 puntos

**2.- MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS. (15 PUNTOS)**

Estrutúrase en dous epígrafes:

2.1.-Maquinaria e ferramenta a disposición do contrato: número e características. 10 puntos

2.2.-Plan de mantemento. 5 puntos

**3.- MEDIOS HUMANOS PROPOSTOS. (10 PUNTOS)**

3.1.-Relación de traballadores a disposición do servizo (cualificación e cuantificación).

No presente informe recóllese de forma esquemática a información que presentan as empresas. A puntuación que se indica para cada unha das ofertas xustifícase con maior detalle nos diferentes cadros comparativos que se elaboraron para cada un dos criterios de valoración. **Estes cadros forman parte do informe a todos os efectos.**

Faise constar que o retraso na elaboración do presente informe se debe principalmente á acumulación de tarefas que existen no Departamento de Deportes que condicionaron de forma case inexplicable a presentación definitiva deste documento.

Como consecuencia da aplicación dos criterios enumerados anteriormente, a valoración de cada empresa —segundo as ofertas presentadas e que de forma sintética se recollen a continuación—, sería a seguinte:

**EMPRESA: XARDÍNS SENRA, S.L.**

## 1.- METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (10 PUNTOS)

### 1.1.-Organización xeral do servizo. Sistemas de información e comunicación. (5 puntos)

**PROGRAMA DE TRABALLO SEGUNDO LABORES NOS CAMPOS DE FÚTBOL:**

SEGAS:
- Segadora helicoidal e con máquina rotativa ou cortacéspede segundo o estado do céspede.
- Recortaranse os bordes co campo de céspede.
- Realizaranse para coincidir con competicións e próximas á fin de semana.

CONTROL DA REGA:
- Realizaranse ao alba os labores de rega.
- Inspeccións periódicas de control de funcionamento e reposición de materiais.
- Inspeccións periódicas dos rexistros de rede de drenaxe, operacións de limpeza e retirada de sedimentos.

ABONADOS:

Axeitarase ás súas necesidades nutritivas.
- Marzo-Abril: 1 abonado (240 kg)
- Maio-Xuño: 1 abonado (240 kg)
- Xullo-Agosto-Setembro: 2 abonados (440 kg)
- Outubro-Novembro: 1 abonado (220 kg)
- Decembro-Xaneiro-Febreiro: 1 abonado (240 kg)

Total abonados ao ano: 6

TRATAMENTOS FITOSANITARIOS:
- A criterio do persoal cualificado da empresa (medidas a tomar, grao de risco, sistema de actuación,....)
- Explica tipo de tratamentos: funxicidas; insecticidas; acaricidas; musquicidas.
- Persoal encargado destas tarefas ten realizado un curso específico sobre estes traballos.
- Os tratamentos a utilizar son:
    - 3 tratamentos de fungos (Dólar, Hemiltosporium)
    - 5 tratamentos preventivos contra rolla e outras enfermidades.
    - 1 ou 2 tratamentos de herbicida selectivo, dependendo da necesidade.
    - Os tratamentos de tipula ou lombriz se fose necesario.

TRABALLOS DE AIREACIÓN (FIN DE TEMPADA):
- 2 pases de Verti-drain (1 pinchado sólido e 1 oco). Púa oca de 32 mm/púa, sólida de 25 mm e profundidade de 20 cm.
- 2 pases de Verti-cut (escarificado) con máquina Amazone de 1,20 propulsada por tractor.
- Recollida de canutos.
- Recebado de area (70 Tn) con máquina Rink de 3 m³ de capacidade.
- Carga de area con pala Mustang. Cepillado e barrido.
- Resembra con 170 Kg. aprox. de semente.

REPARCHEO DE ZONAS DETERIORADAS:
- Os luns realizarase o reparcheo das zonas deterioradas, incluso pisado con máquina helicoidal.

PINTADO:
- Realizarase os días previos aos partidos. Os venres ou sábados con pintura especial.

**XARDINERÍA ZONAS VERDES:**

- Segas periódicas: cada 15 días en época alta e cada 45 días en época de inverno.
- Desbroce con máquina e recicladora (as zonas chairas). Cada 15 días.
- Tratamentos herbicidas: 2 anuais.

TRATAMENTO DE RESTOS:
- Eliminación de vexetación de crecemento espontáneo, malas herbas, follas caídas, lixos, etc...
- A retirada de restos sería inmediata despois de cada traballo.

**ORGANIZACIÓN DO TRABALLO:**
- Presenta un organigrama (en anexo). Valorarase en recursos humanos
- Calendario:
  - Farase un calendario de tarefas semanais
  - Os traballos a realizar estarán expostos nun taboleiro de anuncios (no local) de servizos dos traballadores onde se anotarán, abonados, tratamentos, segas,...
  - Haberá un parte de mantemento de maquinaria a cubrir.

### 1.2.- Plan de control e inspección. (5 puntos)

Dentro deste epígrafe consideramos a presente información xa que a empresa non a estrutura como tal.
- Partes de traballo:
  - Expostos no taboleiro de anuncios do local e faranse semanalmente.
- Inspección:
  - Responsable técnico que pasará periodicamente pola obra, destinará tarefas urxentes e manterá informado ao responsable municipal. Pasará os luns a organizar tarefas, abonados, segas, previsións meteorolóxicas, etc.
  - Os mércores o Encargado pasará a supervisar os traballos. Os venres ou sábados (antes da competición) mirará o traballo realizado na semana.

**Como información complementaria** presenta un CADRO ESQUEMÁTICO cos programas de traballos dos campos onde recolle as frecuencias enumeradas durante o texto.

A maiores:

Nivelado: 1 ao ano
Tepeo: 2 ao ano (maio e setembro)
Resembra: 1 ao ano (xullo/agosto/setembro)

Tamén presenta un CADRO RESUMO de conservación das zonas verdes, onde recolle as frecuencias e labores enumerados anteriormente.

A maiores:

Poda arbustiba: 1 en marzo (non indica instalación)

## 2.- MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS. (15 PUNTOS)

### 2.1.-Maquinaria e ferramenta a disposición do contrato: número e características. (10 puntos)

- Figura unha relación de maquinaria, propiedade da empresa, para aireación e mantemento en campos de fútbol.
  **Importante**: en ningún caso se di en qué grao estará a disposición do servizo, nin figura datos concretos, nin fotos, ...
- Figura unha relación do equipo de transporte da maquinaria.

- Ver cadro 2, no que figura unha relación máis ou menos detallada da maquinaria enumerada na oferta. Para establecer a comparativa que se recolle no mencionado anexo I, seleccionouse a maquinaria que se considera máis axeitada da proposta pola empresa.

### 2.2.-Plan de mantemento. (5 puntos)

- Indica que ten un Plan de mantemento preventivo sobre os equipos que se empreguen na produción.
- Di que o plan é detallado para cada equipo e vehículo.
- Os vehículos empregados someteranse a revisións e mantementos periódicos.
- Di que efectuará intervencións sistemáticas sobre os equipos para reducir o número de avarías.

**Importante**: Non figuran fichas tipo, nin programas específicos, ...

## 3.- MEDIOS HUMANOS PROPOSTOS. (10 PUNTOS)

### 3.1.-Relación de traballadores a disposición do servizo (cualificación e cuantificación).

- Figura un organigrama onde se recolle unha carga horaria de traballo, sen especificar que esta será a que se destine ao presente servizo.
  - 1 Responsable Técnico: 5 h/semanais
  - 1 Encargado de obra: media xornada
  - 1 oficial xardineiro: xornada completa
  - 1 xardineiro: media xornada
- Figura un apartado de "DISTRIBUCIÓN DE TRABALLOS E INSPECCIÓNS" que o consideramos dentro deste epígrafe. Nel se definen as funcións e cometidos, en xeral, do Responsable Técnico, do Encargado, dos Oficiais Xardineiros e dos Peóns.
- Non figuran titulacións específicas.
- Ao final da oferta aparecen diferentes diplomas de cursos realizados polo persoal enumerado ao longo da oferta.

**OUTROS**

- Figura un certificado da empresa SERVINOR PREVENCION SL onde indica que a empresa Xardíns Senra contrata a SERVINOR como servizo de prenvención alleo. Non obstante dito certificado caducou o pasado 1 de xuño de 2011.
- Figura un apartado de MELLORAS que inclúen unha serie de labores a realizar nos campos. Ademáis, garantiza a reposición de 150m$^2$ de tepe por campo que entendemos no debe ser considerado neste informe por ser unha mellora contemplada no sobre 3.

Lémbrase o exposto ao principio do presente informe respecto das conclusións que motivan a puntuación das diferentes ofertas as cales se recollen con maior detemento nos cadros comparativos elaborados ao efecto.

| | 1.1 | 1.2 | 2.1 | 2.2 | 3 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | 2 | 2 | 7 | 3 | 6 | 20 |

EMPRESA: GECOTOP SERVICIOS INTEGRALES, S.L.

1.- METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (10 PUNTOS)

1.1.-Organización xeral do servizo. Sistemas de información e comunicación. (5 puntos)

- Presentación dun Plan de traballo semestral, cunha antelación mínima de 15 días. Nel indicarase co máximo detalle os labores a realizar, indicando os medios a empregar.
- Xunto con este Plan Semestral entregarase un informe respecto do nivel de cumprimento do Plan precedente.
- Designarán un interlocutor único consensuado co Concello, con empleo de teléfonos móbiles para unha rápida comunicación.

**PROGRAMA DE TRABALLO SEGUNDO LABORES NOS CAMPOS DE FÚTBOL:**

SEGAS:
- 1 ou 2 veces á semana segundo necesidades. (segadora helicoidal autoportante de polo menos 1 metro de anchura de corte total e dotada de 8 contracoitelas).
- A altura de sega será entre 1 e 2,5 cm, en función das necesidades do campo, condicións edafoclimáticas, etc..
- A frecuencia será determinada pola regra de 1/3.
- Recortaranse os bordes do campo e disporase para iso de perfiladora e segadora cortabordes.

REGA:
- Control diario.
- Os labores de rega realizaranse ao alba.
- Disporá de patins móbiles equipados con aspersores de iguais características que os da rede de rega para o seu emprego como apoio no caso de ventos ou similares.
- Adoptará criterios de eficiencia no uso da auga.
- Encargarase do mantemento da rede de rega e da drenaxe.
- Realizará inspeccións periódicas dos rexistros da rede de drenaxe instalados, así como das necesarias operacións de limpeza para retirada de sedimentos.

FERTILIZACIÓN:
- Frecuencia: 30 aplicacións anuais. Adecuarase ás necesidades nutritivas, estado sanitario, condicións do chan e clima.
- Presentará un Plan de Fertilización, con doses e frecuencias de aplicación.
- O Concello poderá ordenar a realización de emendas correctoras de carencias, previa presentación das análises xustificativas que correrán por conta do promotor (Concello).

CONTROL FITOSANITARIO:
- Frecuencia: 9 tratamentos anuais e todos aqueles de carácter curativo que se consideren necesarios por parte da empresa.
- Compromiso de, nun prazo de 2 meses despois da adxudicación, presenar un PLAN DE MANEXO INTEGRADO (IPM), que recollerá todas as técnicas para manter baixos e reducir os danos causados por pragas, enfermidades e malas herbas, ...
- Técnicas que recollerá este Plan son:
  - Loita química
  - Loita biolóxica
  - Medidas culturais
- Así mesmo, no Plan estableceranse estratexias a curto, medio e longo prazo para solución e previsión de problemas.
- A aplicación da loita química, previamente para a súa aprobación, comunicarase ao Concello. Asumen expresamente calquera dano producido pola incorrecta aplicación do tratamento químico. Apartado concreto sobre a Escarda Química.

- Enumera os produtos de carácter preventivo e herbicidas a utilizar.
- Posibilidade de empregar inhibidores de crecemento.
- Indica que todos os produtos fitosanitarios serán aplicados por persoal cualificado e acreditado.

OUTROS LABORES:

Aireación-Descompactación:

- Frecuencia: mínimo 3 veces ao ano (segundo necesidades). **Contradícese** co indicado a posteriori onde especifica que realizaranse polo menos 2 pinchados anuais (primavera-verán e outono).
- Realizarase de forma mecánica profundizando polo menos 7 cm e cunha densidade de 200 orificios por metro cadrado.
- Se se considera necesario poderase solicitar unha descompactación profunda do campo (profundidade de 15 cm) sendo os custos adicionais con cargo ao promotor (Concello).

Escarificado:

- Frecuencia: 2 escarificados anuais (primavera-verán e outono)
- O Concello poderá ordenar algún escarificado máis cuxo custo será pola súa conta.

Recebado:

- Frecuencia: mínimo 3 anuais. Sempre que se realice unha resembra de superficie colocarase unha capa de recebo.
- Empregarase un sustrato de idénticas características á capa cortacéspede existente no campo (fai referencia de polo menos 2 anuais **o que se contradice** coas frecuencias citadas ao principio deste epígrafe.)

Parcheo:

- Control semanal.
- Ao finalizar cada uso do campo realizarase un labor de parcheo, similar ao recebado, consistente no recheo dos ocos producidos polo xogo, cunha metade de sustrato e de sementes, ambos de iguais características ás empregadas no campo.

Nivelado:

- Control anual (segundo necesidades)
- Comprobación topográfica anual. Para o establecemento de planimetría aproveitaranse os labores de recebado e de parcheo xunto con pases de rodete (rodete entre 1 e 2 kilos por centímetro do xeneratriz)

Tepeo:

- Frecuencia: 1 ou 2 veces ao ano (primavera e outono)
- Utilizarán preferiblemente tepes das zonas do campo coñecidas como bombins, debendo resementarse ditas zonas de novo inmediatamente.
- No caso de non ser posible o anterior, deberá de suministrarse tepes de similares características ¿Quen o suministraria?. Esta cuestión non queda clara.

Resembra:

- Frecuencia: como mínimo 3 anuais (segundo necesidades).
- Utilización de sementes das mesmas características que as que compoñen o campo (polo xeral lolium perenne).

Marcado:

- Frecuencia: semanal
  (fala tamén da posibilidade de marcar o campo para o atletismo).

Reparación, renovación, reposición, resembra e replantación:

(Inclúe o mantemento de toda a maquinaria e medios auxiliares de produción)

- A realizar naquelas partes do campo que perderan ou mermaran sensiblemente as súas características funcionais. Asumirá estes labores a empresa sempre e cando se verifique que se chegou a dita situación por causas imputables a ela.

Sinalización:

- Utilización de elementos adecuados para a realización de determinados labores.

**Como información complementaria** presenta un CADRO RESUMO cos programas de traballos dos campos onde recolle as frecuencias enumeradas durante o texto.

CONCELLO DE SANTIAGO

Nos cadros resumo do Plan de Mantemento figuran os labores das **zonas verdes** de Santa Isabel e San Lázaro (SERGAS). Anteriormente non figura ningunha referencia a estas zonas.

### 1.2.-Plans de control e inspección. (5 puntos)

- Expresamente non se recolle nada neste apartado, podendo en todo caso ser de aplicación algunha das consideracións xerais indicacas ao inicio do anterior apartado.

## 2.- Medios materiais propostos. (15 puntos)

### 2.1.-Maquinaria e ferramenta a disposición do contrato: número e características. (10 puntos).

- Ver cadro 2, no que figura unha relación máis ou menos detallada da maquinaria enumerada na oferta. Para establecer a comparativa que se recolle no mencionado anexo I, seleccionouse a maquinaria que se considera máis axeitada da proposta pola empresa.

### 2.2.-Plan de mantemento. (5 puntos)

- Aparece un planing de mantemento da maquinaria cos seguintes labores:
    - Cambio de aceite
    - Afiado de elementos
    - Limpeza/cambio de filtros
    - Revisión/cambio de rodas
    - Limpeza, desinfección e revisión xeral.

Indica que disporá de instalacións propias para o desenvolvemento dos labores descritos no prego (garaxes, almacéns, viveiros, oficinas, ...)

Persoal debidamente equipado, con especial atención aos EPI`s.

## 3.- Medios humanos propostos . (10 puntos)

### 3.1.-Relación de traballadores a disposición do servizo (cualificación e cuantificación)

- Para a realización dos labores descritos poñerán a disposición do promotor:
    - 2 operarios: 1 xardineiro e 1 peón en xardinería
    - 1 encargado
    - Varios supervisores
- Dito persoal prestará 100 h/mensuais por operario. Entendemos que as 100 h/mensuais por operario serán para o peón en xardinería e para o xardineiro
- Persoal asesorado por enxeñeiros técnicos superiores.
- Podemos facer un cálculo medio total de 2.200 h/ano. Non se considera un mes do ano no que ambos campos están pechados en proceso de rexeneración.
- Define as funcións de cada traballador.
- Para casos puntuais/avarías haberá un servizo operativo as 24 h/día do ano.
- Se fose necesario prestarase un servizo durante os partidos de fútbol. Non se cuantifican en horas.

**OUTROS**

- Figura relación de proxectos, obras e mantementos realizados. Destacar que NON figuran campos de fútbol dentro da relación indicada anteriormente.
- Complétase a documentación con fotografías dos campos e das zonas verdes, no seu estado actual.

| | 1.1 | 1.2 | 2.1 | 2.2 | 3 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | 3 | 1 | 6 | 3 | 7 | 20 |

EMPRESA: ISO-RIPARIA, S.L.

1.- METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (10 PUNTOS)

1.1.-Organización xeral do servizo. Sistemas de información e comunicación (5 puntos)

- Figura unha presentación do grupo empresarial. Un dos seus obxectivos é a promoción e creación do emprego de calidade para as persoas con discapacidade. (Polo menos un 70% dos seus traballadores presentan algún tipo de discapacidade).
- Figura un organigrama coa estrutura organizativa do Grupo Empresarial. ISO-RIPARIA S.L. pertence ao Grupo Empresarial Galega de Economía Social, grupo integrado por un total de 10 empresas e participado maioritariamente por COGAMI.
- Figura un apartado específico de compromiso do acatamento, con carácter xeral, das condicións establecidas no prego.
    - .....
    - Comprométese a adquirir todo tipo de material e maquinaria necesaria para o desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato.
    - ...

**PROGRAMA DE TRABALLO SEGUNDO LABORES NOS CAMPOS DE FÚTBOL:**

SEGAS:
- Con maquinaria de corte helicoidal de xeito continuado e con maquinaria rotativa segundo as necesidades.
- Altura en función do estado vexetativo das plantas.
- Faranse todas as segas necesarias, en función da intensidade e do calendario de uso dos terreos.

ASENTAMENTO DOS TERREOS DE XOGO LOGO DE CADA PRÁCTICA:
- Despois de cada partido, nun prazo de 24 horas, repararase manualmente todo o terreo de xogo.
- Estes labores inclúen o achegamento de sementes e de area naquelas zonas que o requiran.

REGA:
- Realizaranse as regas que se consideren oportunas durante o horario habitual de traballo.
- Os desperfectos que se produzan por un uso inadecuado tales como erosións no terreo, derrrames, etc, serán subsanados pola empresa.
- A conservación do sistema de rega e dos seus elementos realizaranse segundo criterios técnicos do Departamento de Parques e Xardíns.

TRATAMENTOS FITOSANITARIOS:
- Periodicamente realizaranse tratamentos preventivos con produtos acordes coa climatoloxía.
- Fará 9 tratamentos preventivos anuais, e todos aqueles de carácter curativo que o Departamento de Parques e Xardíns considere.
- Figura unha relación de produtos de carácter preventivo.
- Dispón dun Rexistro de Establecemento Praguicida outorgado pola Xunta de Galicia co número C-0346-S
- Manterase un servizo de vixilancia ante a aparición de calquera tipo de enfermidade ou ataque de insectos.
- Todo o persoal que realice o transporte e/ou manipulación de fitosanitarios ou pesticidas, disporá de carné de MANIPULADOR DE PRODUTOS.
- Tratamentos de herbicidas para folla ancha e folla estreita. Indica qué tratamento aplicará para cada caso.

PICADOS E AIREACIÓN:
- Rexeneración completa durante o verán, que incluirá o seguinte:.

- 1. Aireación con púas ocas máquina "tipo Vertidrain" con calibres de 18-20 mm, cunha profundidade non inferior aos 20 cm, e unha densidade mínima de 200 buratos por $m^2$. Recollida dos canutos.
- 2. Recebado con areas de 0-3 mm, tipo area de orixe Xinzo de Limia, e en cantidade de 80 Tn. aprox.
- 3. Descompactado con máquina "tipo Vertidrain" de púas macizas e de porfundidade mínima de 10 cm.
- 4. Resementeira de todo o terreo con mestura de Lolium Perenne.
- 5. Achegamento de fertilizantes ricos en fósforo tipo Scotts.
- 6. Achegameno de substrato orgánico tipo Agrigum, nunha cantidade non inferior a 200 kg.
- 7. Emendas calcáreas dolomita granulada, sempre que sexa necesario e segundo a análise do chan.

OUTROS LABORES DE AIREACIÓN E DESCOMPACTACIÓN:

San Lázaro I:

- Realizarase unha 2ª aireación con púas ocas en setembro-outubro e achegamento de 60 Tn de area.
- Farase unha 2ª descompactación con púas sólidas e recebo de 27 Tn. de area. Preferentemente en outubro e en función da climatoloxía e o estado do terreo de xogo.
- Indica que se fará calquera outro labor de aireado que se considere necesario.

San Lázaro II:

- Descompactacións con púas sólidas e recebo de 27 Tn. de area. Farase en función do terreo de xogo e climatoloxía,...
- En xeral di que tamén se farán as aireacións que se consideren necesarias.

RECEBADOS

- Area a empregar tipo Xinzo de Limia, de granulometría 0-3 mm
- San Lázaro I: recebos cunha frrecuencia de 15-12 días para un total de 25 recebos/ano e cun achegamento de 15 Tn. de area en cada recebo
- San Lázaro II: Faranse recebos cada semana con achegamento de area de 1,5 Tn. de elementos adecuados para a realización de determinados labores.

RETEPADOS

- En zonas irrecuperables dos terreos de xogo, retirándose o tepe dos arredores dos campos

RESEMENTEIRAS

- Puntuais: que se farán en calquera época do ano e realizaranse nos labores de asentamento do terreo
- Totais: Nas rexeneracións anuais e cunha cantidade mínima de 175 Kg.
- As especies a empregar as derivadas de Lolium perenne.

PINTADO TERREOS DE XOGO E REVISIÓN DE MOBILIARIO

- Antes dos partidos pintaranse os terreos de xogo. Prevese unha pintada á semana para adestramentos.
- Ofrece a posibilidade de facer os pintados que se necesiten.
- Semanalmente revisaranse as diferentes porterías e banquillos. Entregará un xogo de redes oficiais para os campos de San Lázaro.

**ZONAS VERDES**

- Indica cales son as zonas que hai que conservar
- Só se farán labores de conservación nas zonas verdes especificadas, nas mesmas condicións que as establecidas no NIVEL II nas zonas verdes de Santiago.

**Como información complementaria** presenta un CADRO RESUMO a modo de calendario cos labores a desenvolver tanto nos campos de fútbol, como nas zonas verdes obxecto de contrato.

### 1.2.-Plans de control e inspección. (5 puntos)

- Sen concretar en exceso.
- Con indicacións puntuais ao longo da proposta.
- Este punto non figura desglosado como tal.

CONCELLO DE SANTIAGO

## 2.- Medios materiais propostos. (15 puntos)

### 2.1.-Maquinaria e ferramenta a disposición do contrato: número e características. (10 puntos)

- Indica que no suposto de precisar algunha maquinaria específica para a conservación e mantemento dos terreos de xogo comprométese a comprala ou alugala.
- Utillaxe: aportará tanto útiles como ferramentas de traballo para unha boa realización do servizo. Fai unha relación nominal deles.
- Ver cadro 2, no que figura unha relación máis ou menos detallada da maquinaria enumerada na oferta. Para establecer a comparativa que se recolle no mencionado anexo I, seleccionouse a maquinaria que se considera máis axeitada da proposta pola empresa.

**Importante destacar** que debe alugar para os servizos que sexan necesarios a seguinte maquinaria:

- Aireadora-Pinchadora (sen pinchos)
- Aireadora-Pinchadora (con pinchos)
- Recebadora autopropulsada
- Atomizador/soplador
- Escarificador

### 2.2.-Plan de mantemento. (5 puntos)

- Figuran cadros resumos de frecuencias cos labores de mantemento básicas a facer en cada máquina. (Niveis de aceite, filtros, afiados, vibracións, limpezas, ...)

## 3.- Medios humanos propostos . (10 puntos)

### 3.1.-Relación de traballadores a disposición do servizo (cualificación e cuantificación)

- O cadro de persoal da empresa está formado por 46 traballadores dos que 35 son persoas con discapacidade.
- Dentro da súa estrutura conta con 2 persoas coa titulación de Enxeñeiro Técnico Agrícola
- Para a coordinación técnica do servizo conta con encargados de grupo con titulación en estudos primarios ou similar.

Documentación dentro do apartado específico :

O cadro de persoal adicado ao servizo será:

- Persoal Técnico
  - Enumera un responsable máximo, un responsable técnico dos seguimentos dos traballos e unha persoa responsable da calidade, medio ambiente e riscos laborais (enxeñeira técnica agrícola)
  - Non especifica adicación.
- Encargados e Capataces
  - Dedúcese que adscriben a unha persoa para este servizo
  - Non especifica nº de horas.
- Persoal xardineiro e Auxiliar
  - Como persoal habitual diario enumera a 3 persoas con cualificación diferente.
  - A empresa comprométese a manter este persoal no sector ou zonas a conservar. Prestará os servizos en réxime de xornada completa. Esta circunstancia considérase de difícil cumprimento se o que se pretende dicir e que haberá ata 4 traballadores adscritos ao

servizo en réxime de xornada completa o que supón máis de 6.000 horas de traballo que resultan totalmente excesivas e fora de prezo segundo o definido no prego técnico.

Xornada laboral

- Poñerá a 4 traballadores a disposición do servizo obxecto do contrato coa posibilidade de reforzar se fose necesario en épocas puntuais.
- A periodicidade dos traballadores virá establecido en función das necesidades de cada servizo. Esta afirmación parece contradicir o indicado con anterioridade. En todo caso, a información non resulta clara.
- Para control e xustificación dos traballos, o encargado do grupo de empresas cubrirá diariamente a Orde de Traballo ende figuran traballos realizados, maquinaria e materiais empregados, incidencias, ...

**Importante**: Non figura que teñan experiencia en campos deportivos de fútbol de competición.

**OUTROS**

- Figura unha listaxe de lugares onde presta ou prestou servizos similares, aínda que no mantemento de xardíns.

| | 1.1 | 1.2 | 2.1 | 2.2 | 3 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | 3 | 2 | 5 | 3 | 6 | 19 |

CONCELLO DE SANTIAGO

EMPRESA: ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L.

1.- METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (10 PUNTOS)

1.1.-Organización xeral do servizo. Sistemas de información e comunicación (5 puntos)

- Seguirán as especificacións do prego de prescricións técnicas.

**PROGRAMA DE TRABALLO SEGUNDO LABORES NOS CAMPOS DE FÚTBOL:**

SEGAS:

- Efectuarase cunha tripleta hidráulica de 1,80 cm de ancho de labor, coas cestas recolledoras e 8 coitelas helicoidais por molinete.
- Periodicidade semanal, 1 ou 2 días antes das competicións.
- Cada sega complétase cun perfilado de bordes, con desbrozadora manual.
- Prevense 53 segas semanais + 15 adicionais cando conveña, o que fai un total de 68 segas.
- Ao acabar cada labor de sega lavaranse os molinetes e cestas da tripleta completa e desinfección se se detectan fungos transmisibles en algún campo.

REGAS:

- Instalacións operativas con atención inmediata ao seu mantemento, axustes e reparacións.
- Existirá un stock coas pezas de desgaste máis habituais e algunha unidade completa de diferentes modelos.
- O horario de rega será de 6,00 a 10,00 con tempo de 20 a 30 minutos por estación. Evitarase o exceso de auga.
- En determinadas circunstancias a rega programarase segundo necesidades (ex: despois de abonados, ao acabar a competición ou usos intensivos, nos labores de aireación e resembra ou na colocación de tepes).

FERTILIZACIÓN:

- O primeiro a facer será unha determinación físico-química con analíticas por laboratorios competentes e, en función dos resultados, determinaranse as actuacións a curto prazo.
- Seguirase un programa sinxelo coa utilización de produtos específicos da casa SCOTTS e os intervalos curtos de aplicación de doses baixas (máximo 30-40 días)
- Abono de liberación controlada e granulometría fina. 10-12 aplicacións ao ano, a unha dose de 150-250 kg por aplicación.
- 2 veces ao ano, (entre abril e novembro) incorporarase un produto denominado comercialmente STEP Hi-May, que é un paquete de oligoelementos indispensables para solucionar problemas. Doses: 10 gr/m2.
- 3 veces ao ano incorporarase unha enmenda caliza con magnesio. Dose de 400 kg por campo e aplicación.
- **Nas zonas verdes** utilizaranse os mesmos produtos coa frecuencia e doses algo inferiores.

CONTROL FITOSANITARIO:

- Utilización de funxicidas, diluídos en 800 litros de auga por aplicación, tentando reducir a súa aplicación, 2 ou 3 veces ao ano, permitindo unha presenza tolerable de patóxenos.
- Os insecticidas e nenaticidas, de ser necesaria a súa aplicación de forma puntual, utilizaranse en 800 libros por campo.
- Os herbicidas emplearanse localizadamente segundo se detecten herbas indesexables.

AIREACIÓN-DESCOMPACTACIÓN:

- Utilizar pinchos ocos de 32 x 300 mm
- Pinchos macizos de 24 x 400 mm

Pautas a seguir:

- Utilizarase area de sílice lavada de rio de granulometría apropiada procedente das minas da empresa Euroarce.

- 2 pinchados/ano con púas ocas de 25/17/250 a unha distancia entre centros de 10x8 cm. Recollida de canutos. A continuación estenderanse 20 Tn. de area.
- Enriba desta primeira capa de area esténdese un abono alto en fósforo, logo sementes de resembra en doses de 150-200 kg por campo e variedade de alta gama segundo o caso.
- Vólvese a botar 28 Tn. de area.
- Outros 2 pinchados con púas ocas de 10 x 25 mm
- Outras 4 veces ao ano farase un pinchado con púas macizas cuxo obxecto é infiltrar area en gran número de buratos. Usaríanse pinchos 8x150 e 48 pinchos instalados na máquina VERTIDRAIN (480 ocos/m2)

ESCARIFICADO:

- 4 labores/ano, intentando que dúas delas coincidan cos pinchados ou resembras. Máis adiante na proposta volve falar deste labor cuantificando 2 escarificados con máquina de coitela de 3mm. **Existe unha contradición respecto do inicialmente exposto.**

RECEBADOS:

- Partidarios de facelos coincidir cos taqueados. Como anteriormente di, empregaranse por campo e ano unhas 150 toneladas de area en 6 aplicacións.

PARCHEADOS E NIVELADOS:

- Atención constante a estes labores, polo que disporá de persoal permanentemente de luns a sábado.
- Atención o máis inmediata posible ao deterioro especialmente despois de tempo chuvioso e de competicións. Por iso, ofrécense 4 persoas ao mesmo tempo ao día seguinte de producirse os deterioros.
- A disposición dun rolo compactador será contínua.
- Ofrécese a posibilidade de pinchado manual con pincho macizo e posteriormente recebo manual con area Agrigen ou similar, abono e semente.

REPOSICIÓN DE CÉSPEDE:

- Empregaríase tepe groso procedente dun acopio propio, non sendo extraído das marxes dos campos. Disposición permanente.
- Finalizada a tempada se fose necesario en zonas máis amplas, utilizaríase tepe similar ao anterior, pero de menor grosor.
- Empregaríase un total de 600 m2/ano
- Indica como faría o cambio dos tepes

RESEMBRAS:

- Coincidindo con pinchado oco.

LIMPEZA E ELIMINACIÓN DE MALAS HERBAS:

- Como norma as instalacións estarán sempre atendidas.

**Como mellora ofrece** un reforzo os sábados pola mañá, sobre todo se hai torneos ou moita actividade. Non se cuantifica esta mellora.

## 1.2.-Plans de control e inspección. (5 puntos)

- Ofrece un teléfono de atención permanente dirixido polo técnico da empresa, cunha disposición continúa e inmediata para supervisar e coordinar cos técnicos do Concello, emitir informes, valoracións, ....
- A dedicación do técnico será presencialmente de polo menos 2 días á semana e diaria no caso dos labores máis especializados. Estímase un promedio anual de 12 h/semana = 624 h/ano
- Para a comunicación técnica deseñaríase unha ficha dixital-tipo, de acordo cos técnicos municipais, que se cubriría semanalmente e informaría dos labores realizados, tempo empregado, doses aplicadas, ... **Non figura ningún modelo o ficha tipo que permita coñecer a información que se recolle.**

2.- MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS. (15 PUNTOS)

2.1.-Maquinaria e ferramenta a disposición do contrato: número e características. (10 puntos)

- Figura unha relación de medios materiais que poñen a disposición do servizo para seren empregados segundo conveña.
- Ver cadro 2, no que figura unha relación máis ou menos detallada da maquinaria enumerada na oferta. Para establecer a comparativa que se recolle no mencionado anexo I, seleccionouse a maquinaria que se considera máis axeitada da proposta pola empresa.

2.2.-Plan de mantemento. (5 puntos)

- Plan de mantemento segundo as prescricións técnicas de cada fabricante e segundo necesidades de uso.
- Antes de cada actuación fan un parte de incidencias no que se comproban aspectos tales como:
  - Fuga de combustibles, de lubricantes
  - Niveles
  - Afiado e regulacións específicas
  - Fugas hidráulicas, ...

- Indica periodicidade dos afiados de coitelas das máquinas rotativas.
- Existe un stock de pezas de desgaste máis habituais, comprometéndose a que as máquinas estean sempre operativas

**A destacar que non figura** ningún tipo de ficha modelo, nin cadro resumo de mantemento con labores e actuacións.

3.- MEDIOS HUMANOS PROPOSTOS . (10 PUNTOS)

3.1.-Relación de traballadores a disposición do servizo (cualificación e cuantificación)

- Figura unha relación de persoal encargado de realizar os labores segundo conveña, que estaría a disposición permanente do Concello en horario de 8,30 a 18,30 de luns a venres e sábados de 8,00 a 13,00 h.
- Persoal fixo de empresa: 4 oficiais xardinerios
- Persoal non fixo: 3 peóns xardineiros e 1 auxiliar xardineiro
- Persoal técnico: 1 enxeñeiro técnico agrícola
- Non figura experiencia nin titulación, agás no caso concreto do técnico.
- Non queda claro se no horario citado estarían presencialmente nos recintos, deducíndose que non, dado o importante número de persoal que se cita.
- En consecuencia, agás no caso concreto do enxeñeiro que ao longo da proposta di que estará 12 h/semana, o resto non podemos concretar nº de horas a disposición do contrato.

**EXPERIENCIA:**

- Seis anos ininterrompidos no mantemento de recintos deportivos dependentes do Patronato Municipal de Deportes de Ferrol.
- Desde principios deste ano, os complexos de Elviña e Bastiagueiro, dependentes da Universidade da Coruña.

| | 1.1 | 1.2 | 2.1 | 2.2 | 3 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | 3,5 | 3,5 | 8 | 3 | 7 | 25 |

EMPRESA: **CESPA, S.A.**

1.- METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (10 PUNTOS)

### 1.1.-Organización xeral do servizo. Sistemas de información e comunicación (5 puntos)

PUNTOS CLAVE PARA AUMENTAR O RENDEMENTO NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.
- Ter sempre dispoñible o parque de maquinaria ofertada en San Lázaro
- Ter un oficial de moita experiencia e con especial manexo da maquinaria específica.
- Flexibilidade horaria para adaptarse ás condicións meteorolóxicas e uso dos recintos.
- Dispoñer, cunha marxe de 24 horas, dun xardineiro de aopio para labores puntuais.
- Define o total de horas para o servizo en persoal de oficios manuais en 1.558. A súa distribución será diferente cada semana-mes segundo necesidades estacionais e uso das instalacións.
- Necesidade de establecer como mellora un control periódico dos parámetros de funcionamento da drenaxe e a cuberta vexetal, mediante toma de mostras e ensayos de campo. Emisión dun informe externo para seguimento polo Concello da situación das instalacións.

ORGANIZACIÓN XERAL DOS TRABALLOS.
- A organización e programación dos traballos realizarase mensualmente e haberá inspeccións técnicas semanais dos terreos de xogo.
- Indica que a programación dos labores e as súas frecuencias adaptaranse ás necesidades dos campos.
- Fai unha descrición das peculiaridades de cada campo con indicación da problemática que condicionará o seu mantemento.
- Indica, con bo criterio, que non é obxecto da oferta describir a forma de facer os labores, entre outras cuestións, porque o prego de prescricións técnicas fixan os labores a realizar e a súa descrición.

**PROGRAMA DE TRABALLO SEGUNDO LABORES NOS CAMPOS DE FÚTBOL:**

SEGAS:
- Mínimo 1 semanal, inmediatamente antes do partido.
- Como norma básica as frecuencias deben permitir que a herba medre 1/3 por riba da súa altura normal de corte.

ABONADOS:
- Seguirá as frecuencias indicadas no prego, podendo variarse en función das necesidades dos terreos de xogo.
    - Tratamentos funxicidas:
        - Nº de tratamentos: de 8 a 12 veces/ano
        - Figura un pequeno programa de marzo a outubro. operativas con atención inmediata ao seu mantemento, axustes e reparacións.
    - Tratamentos insecticidas:
        - Frecuencias relacionadas directamente á aparición de síntomas para a aplicación do produto correspondente.

AIREADOS PÚAS OCAS:
- Frecuencia: mínimo 2 veces/ano (1 vez/ano no caso de San Lázaro II)
- Os labores de pinchado combinaranse con recebados.

AIREADO POR RAJADO:
- Coa frecuencia anual necesaria
- Mínimo 2 descompactados/ano con púas sólidas
    - Outono-inverno: raxado e descompactado con sólidas
    - Primavera-verán: descompactado con ocas

RETEPADOS:

- Realizaranse as frecuencias marcadas pola dirección técnica.

TRATAMENTOS HERBICIDAS:
- Frecuencias encamiñadas á detención directa de malas herbas.

ASENTAMENTO DE TEPES:
- Despois de cada práctica deportiva; seguida dunhas resembras ou recebos nos golpes de maior tamaño, dentro dun período máximo de 8 horas.

CONSERVACIÓN DO SISTEMA DE REGO:
- Supervisión
- Programación
- Axuste (de maneira inmediata)
- Reparación (de maneira inmediata ante calquera avaría ocasionada polo mantemento normal).

**ZONAS VERDES ANEXAS**

Nos diferentes cadros de frecuencias dos labores a realizar figura un apartado específico para os labores das instalacións obxecto do servizo. A información é simplemente a modo esquemático.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS DE RELEVANCIA
Dentro desta oferta figuran varios cadros nos que se dimensiona o servizo a prestar, tendo en conta as prescricións técnicas do prego.
Non só se indican nº de frecuencias por labor, senón que se valora o rendemento estimado do traballo por labor de tal xeito que se fai unha cuantificación do nº de horas adicadas ao servizo ao longo do ano.
Especialmente ben detallado e xustificado, figura un cadro de materiais a empregar por labor en cada campo e nas zonas verdes anexas.
A información aportada dá moita credibilidade á oferta xa que se teñen en conta e se dimensionan todas as necesidades. (Desde as necesidades de persoal, ata os litros estimados de combustible e kg de produtos por labor...)

PLAN DE AFORRO DE AUGA.
En base á transcendencia que CESPA lle da ao control no consumo de auga, pon gratuitamente a disposición do servizo estacións meteorolóxicas, que transmite datos climatolóxicoa a un ordenador no que un software de rego calcula os tempos de rega para cada programador en función dos valores climáticos diarios. O software fai unha chamada de datos diaria a cada programador actualizando os tempos de rega. Estiman un aforro do 10% no consumo, cuxo custo estimado sería de 2.700 €/ano.

**SISTEMA DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN:**
Comunicación directa co persoal do Concello. Propón as seguintes consideracións:
- Todo o persoal adscrito ao servizo disporá de teléfono móbil.
- Semanalmente CESPA pedirá ao Concello o programa de actividades previstas.
- Mensualmente CESPA redactará un informe por cada un dos campos (achega ficha modelo), con información sobre: labores realizadas, materiais empregados e incidencias.
- Calquera incidencia urxente se comunicará ao Departamento de Deportes.

1.2.-Plans de control e inspección. (5 puntos)
- Considera que o mantemento dos campos debe orientarse a cumprir cuns obxectivos de calidade, non co obxecto de cumprir unha frecuencia de labores determinadas.
- Define uns parámetros de calidade que van determinar as operacións do mantemento.

- Calidade Agronómica: ten como finalidade a descrición dos métodos de análise para o control de calidade do estado das áreas de céspede sen ter en conta o seu uso deportivo.
- Calidade de xogo: reflicte a interacción de superficie de xogo co xogador e a pelota. Permite caracterizar tanto a calidade do xogo intrínseca da superficie deportiva como o risco de producir cansanzo e lesións nos xogadores.

- Define os parámetros a valorar, tanto a nivel agronómico como de calidade de xogo.
- Achega tablas de estándares de calidade empregados no mantemento doutros terreos de xogo (Reino Unido, País Vasco...)
- Deglosa polo miudo a metodoloxía a empregar na análise de calidade segundo cara parámetro considerado.
- Figura un cadro de frecuencia para o control de calidade, especificando para cada parámetro considerado o número de controis e inspeccións por mes/total anual.

## 2.- MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS. (15 PUNTOS)

### 2.1.-Maquinaria e ferramenta a disposición do contrato: número e características. (10 puntos)

- Inclúe unha lista de maquinaria a disposición do contrato agrupada por tipoloxías de labores.
- **Moi importante**. Distingue entre maquinaria con dedicación exclusiva para a prestación deste contrato e a de dedicación parcial. A maquinaria con dedicación exclusiva estará sempre dispoñible para o servizo nas instalacións do Campo de San Lázaro.
- A maquinaria con dedicación parcial estará dispoñible cando sexa precisa, polo que será necesario programar a súa necesidade.
- Ver cadro 2, no que figura unha relación máis ou menos detallada da maquinaria enumerada na oferta. Para establecer a comparativa que se recolle no mencionado anexo I, seleccionouse a maquinaria que se considera máis axeitada da proposta pola empresa.

### 2.2.-Plan de mantemento. (5 puntos)

- Dispón dos certificados ISO 9001, ISO 1401 E OHSAS.
- Indica que dispoñer destas certificacións implica ter implantados sistemas de calidade no referente ao mantemento da maquinaria.
- Estrutura o seu Plan de mantemento nos seguintes conceptos e pilares básicos:
  - 1. Dispoñer de fichas de mantemento de cada máquina. Elaboradas segundo o libro oficial de mantemento.
  - 2. Dispoñer dunha base de datos de mantemento. Anótase o histórico de mantemento de cada máquina, as lecturas do contador e cando toca o seguinte mantemento preventivo.
  - 3. Lectura mensual de contadores. Todos os meses realízanse unhas lecturas de contadores da maquinaria.
  - 4. Pegatina en cada máquina que indique o próximo mantemento previsto. Figura modelo.
  - 5. Taller e mecánico propio, o que permitirá ser máis eficientes ante calquera incidencia.
  - 6. Formación dos operarios no manexo e mantemento rutinario.
  - 7. Servizos e talleres técnicos concertados en Santiago.
  - 8. Asistencia técnica dos proveedores das máquinas que incluen soporte ao persoal propio e compromiso de suministro de pezas en 24 horas.
- Figuran as fichas resumo de mantemento das principais máquinas onde figuran tanto as operacións de mantemento a realizar (intervalos e frecuencias) como as comprobacións e operacións que ten que efectuar o operario da máquina. Esta última pégase visiblemente en cada máquina con adhesivo.
- Presenta un anexo II, moi detallado e extenso con fotos e características de cada máquina.

3.- MEDIOS HUMANOS PROPOSTOS . (10 PUNTOS)

3.1.-Relación de traballadores a disposición do servizo (cualificación e cuantificación)

**Importante:**

- Indica que o persoal adscrito ao contrato se rexe polo Convenio Estatal de Xardineria. A antigüidade media do persoal adscrito ao contrato é de 10 anos, polo que é persoal con experiencia e gran coñecemento práctico dos traballos a realizar.
- Tanto o técnico titulado máximo responsable do contrato como o encargado teñen unha experiencia no mantemento dos campos deportivos de San Lázaro de máis de 10 anos.

Relación de traballadores a disposición do Servizo.

- Ofertan un total de 8 traballadores. Destes, un será con dedicación case total e o resto con dedicación parcial.
- O persoal ofertado non exclúe o reforzo con máis traballadores no caso de ser necesaria a execución de labores en breve período de tempo.
- Figura un cadro resumo detallado de medios humanos con especificación das horas por posto de traballo.
- O total horas en disposición de persoal adscrito ao servicio é de 1792: equivale a 1,18 postos de traballo.
- Resaltar que figura tamén un cadro moi completo onde se define a categoría profesional, formación e experiencia, funcións, tipo de contrato coa empresa e dedicación ao contrato (nº de horas).

Valorar positivamente que todo o persoal é fixo.

- Todo o persoal ten máis de 10/12 anos de experiencia na súa área de traballo.
- Para a realización de traballos especiais como poder ser o retepado, a empresa disporá dun reforzo mínimo de 5 operarios para realizar o labor no menor tempo posible.

Xornada de traballo

- Xornada estandar de 8 a 15 horas. Non obstante, haberá suficiente flexibilidade horaria para poder realizar os labores no momento oportuno.
- Figura na primeira parte da oferta un cadro onde se dimensiona de maneira especialmente detallada os medios humanos e materiais necesarios para os labores a realizar.

Para finalizar figura unha relación de méritos do persoal, concretamente do enxeñeiro técnico e o encargado ambos con dilatada experiencia no mantemento dos campos de San Lázaro.

| | 1.1 | 1.2 | 2.1 | 2.2 | 3 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | 4 | 5 | 10 | 5 | 9 | 33 |

EMPRESA: ARCE JARDINERÍA

1.- METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (10 PUNTOS)

1.1.-Organización xeral do servizo. Sistemas de información e comunicación (5 puntos)

Figura unha relación de obras e mantementos das zonas deportivas máis importantes realizadas pola empresa. Dentro do apartado de mantemento figuran, entre outros, Concello de Arteixo, Cidade Deportiva de Abegondo do Real Club Deportivo da Coruña, Riazor do Concello da Coruña; en total 8 instalacións.

Presenta un inventario dos campos de fútbol e zonas verdes con fichas individuais de cada instalación, facendo mención expresa en que nos primeiros meses do contrato realizará un inventario completo dos elementos e materiais dos campos de fútbol e zonas verdes. Cada 6 meses procederase á actualización do inventario.

**PROGRAMA DE TRABALLO SEGUNDO LABORES NOS CAMPOS DE FÚTBOL:**

Memoria descritiva das tarefas:
SEGAS:
- Nos meses de actividade vexetativa (abril-outubro) practicaranse 2 segas semanais e nos de parada 1 sega semanal.
- En total 82 cortes anuais por campo
- Manterase unha altura de herba entorno aos 20-25 mm e non cortar más 1/3 de planta.
- Indica as máquinas das que dispón (verse no apartado de maquinaria), salientando a existencia de maquinaria suficiente para que en ningún caso o servizo se vexa interrompido.
- Destaca que para a sega do céspede do terreo de xogo unicamente se emprearán cortes de máquina helicoidal.
- Figura un cadro-resumo respecto deste epígrafe onde se recollen as características das segas, maquinaria e útiles e rendimenos.

ABONADO:
- En función da evolución do céspede
- Anualmente como cantidade mínima aportaranse 300 kg de $N_2$; 100 kg de $P_2O_5$ e 250 kg de $K_2O$.
- Indica que a fertilización apoiarase polo resultado de análises de nutrintes do chan que periodicamente se irán realizando.
- A directriz da empresa no que respecta a esta operación é a de aplicar pequenas cantidades de produto con moita frecuencia (spoon feeding). Segundo este principio realizaranse 12 aportes de abono anuais en función da evolución do céspede cunha dose de 150 kg/unidade.
- Novamente volve indicar a maquinaria de que dispón que non é obxecto deste apartado.
- Incide no feito de dispor dun manual do Sistema Integrado de Xestión de Calidade e Medioambiente.
- Figruan fichas técnicas dos abonos a empregar.

TRATAMENTOS FITOSANITARIOS:
- Basicamente serán de carácter preventivo aínda que evidentemente realizaranse no caso de aparición dalgunha praga ou enfermidade.
- Estímase facer 10 aplicacións de fitosanitarios/ano frónte ás 9 esixidas no prego.
- Establecerase un umbral de dano a partir do cal se inician os tratamentos insecticidas, ou calquera outro indicador que se considere máis adecuado pola Dirección Técnica.
- Figuran fichas técnicas dalgún dos produtos a empregar.
- Máximo respecto á normtiva vixente respecto do momento de elixir os produtos.
- Maquinaria idem anteriores apartados.

TRATAMENTOS HERBICIDAS:
- Labor de suma importancia para a eliminación das malas herbas.

- Nunca se aplicarán herbicidas se o céspede se atopa nunha situación de estress.
- Relación de posibles produtos. Sempre se empregarán produtos que teñan a aprobación do Ministerio de Medio Rural.

REPOSICIÓN DO CÉSPEDE:

- Cando así o requira o terreo de xogo ou a Dirección Técnica, procederase á restauración de zonas concretas (área de gol, centro do campo, etc) con placas de tepe.
- Descrición de cómo se realizaría este labor.
- O tepe neste casos sairía das bandas do terreo de xogo.
- Idem maquinaria dos anteriores apartados.

AIREACIÓN E ESCARIFICADO:

- Realizaranse 4 escarificados con coitelas a 4-6 mm de profundidade. Existe unha contradición porque máis adiante di que realizará 2 escarificados (1 en primavera-1 en outono) e no cadro resumo figuran 3.
- Realizará 4 operacións de aireado con púas ocas e 4 con púas sólidas ou ocas.
- A posteriori realizaranse recebos con areas en cantidade de 50-60 $m^3$ no caso de púas ocas e 20-30 $m^3$ no caso de sólidas.
- Idem maquinaria de anteriores apartados.

RECEBO:

- Para garantir a nivelación periódica, para cubrir zonas de resembra e despois do escarificado e/ou aireado, realizaranse recebados con 10 $m^3$ de area silícica cunha pureza do 98% tipo Xinzo de Limia ou similar, de granulometría 0,3 mm.
- Realizaranse como mínimo 25 recebos en San Lázaro I e 52 en San Lázaro II.

RESEMBRA:

- Non se estima unha frecuencia concreta xa que se realizaran sempre que se necesite. En todo caso, realizaranse sembras parciais en primavera e outono e 4/6 operacións que afecten ao total da superfice do campo.
- Idem maquinaria anteriores apartados.

RESTAURACIÓN DO CÉSPEDE

- Inmediatamente despois de cada práctica deportiva, segundo a intensidade do evento, a veces farase necesario completar este labor con resembras e incluso coa de retepado e aireado.
- O número mínimo de operacións é de 52 unidades e 10 máis para eventos e torneos.

REGO E MANTEMENTO DAS CONDICIÓNS DE REGO:

- Prestará especial atención ao seu correcto funcionamento e estado de conservación da instalación de rego. Realizaranse probas periódicas nas épocas nas que non se use, comprobando danos e procedendo á súa reparación.
- Manifesta que a empresa conta con persoal especializado en instalación, mantemento e reparación de regos automáticos que poñerá a disposición do servizo.
- Fala do tratamento de prevención da lexionelose e a súa normativa que obriga a realizar unha desinfección na instalación do rego en medio urbano. Non queda claro se ten previsto facelo nas condición que define.

REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DA MAQUINARIA:

A valorar no apartado corespondente.

- Unha vez ao ano levarase a cabo a rectifidación e afiado do cilindro de sega por unha empresa especializada, así como a sustitución de coitela base, combustibles e aceites para a máquina.
- O persoal adscrito ao servizo vixiará que a maquinaria estea en perfecto estado de conservación e funcionamento.
- O sistema integrado de Xestión de Calidade e Medio Ambiente establece procedementos que garantizan que toda a maquinaria da empresa cumpre coa lexislación vixente.
- A empresa conta entre o seu persoal cun MECÁNICO OFICIAL DE PRIMEIRA, que realizará as operacións de mantemento da maquinaria nas instalacións da empresa. Conta tamén con talleres asociados para resolver problemas que por importancia e/ou dimensión non fora posible solucionalos nas propias instalacións.

**ZONAS VERDES E CONTORNO DAS INSTALACIÓNS:**

- Contempla un apartado específico dos labores a desenvolver nas zonas verdes dos campos de Santa Isabel e San Lázaro (Sergas) e tamén dentro do Campo de San Lázaro II.
- As operación básicas consideradas son:
    - 1. Rego
    - 2. Sega de céspede, recorte de bordes e desbroce
    - 3. Sembra e resembra
    - 4. Poda
    - 5. Fertilización
    - 6. Escarificación, aireación e recebo
    - 7.Entrecavado e rastrillado
    - 8. Tratamentos fitosanitarios e herbicidas
    - 9. Conservación de area e gravas
    - 10. Reposición
    - 11. Reparación e conservación da maquinaria.
- Unicamente se recollerá neste informe aqueles labores nos que figure un compromiso de frecuencias. O resto de información valórase positivamente.
- Segas:
    - Cunha frecuencia para que a herba non alcance unha altura que supoña un prexuizo para o céspede; enténdese por tal altura non superior a 5 cm. Equivale a 1 sega/semana ou cada 10 días no período abril/outubro e cada 30 días no resto do ano.
- Desbroces:
    - 3 ao ano no caso das pradeiras
    - 3 ao ano no caso dos taludes
- Sembras:
    - Non se estima unha frecuencia concreta xa que se realizará cando se estime.
- Podas:
    - Poda no seto de San Lázaro II, 3 veces ao ano
    - Apartado moi detallado respecto de cómo se realizan os labores de poda.
- Fertilización:
    - A programación orientativa do abonado sería
        - céspede con rego: 4 veces ao ano
        - árbores e arbustos: 2 veces ao ano
    - Apartado moi detallado respecto do tipo de abono a empregar, época do ano a realizar, ...
- Escarificado, aireación e recebo:
    - Poderanse realizar 2 escarificados 1 en primavera e outro no outono.
    - Aireación: 1 vez ao ano (primavera e outono)
    - Recebos: frecuencia determinada polos anteriores labores xa que se farían despois do escarificado e/ou aireado.

LIMPEZA E ELIMINACIÓN DE MALAS HERBAS:

- Dedúcese dun cadro resumo que figura na oferta que se realizará cunha frecuencia de 6 veces ao longo do ano.
    - ENTRECAVADO, frecuencia dependendo da época do ano
    - RASTRILLADO, con frecuencia e, en particular, despois de cada labor de entrecavado.

TRATAMENTOS FITOSANITARIOS:

- Tratamentos preventivos cando o consideren os técnicos municipais, pero en calquera caso, a principios de primavera e outono.

TRATAMENTOS HERBICIDAS:

CONSERVACIÓN DE ZONAS DE AREA, GRAVAS ORNAMENTAIS:

CONCELLO DE SANTIAGO

- Manteranse en perfecto estado de limpeza repoñendo se fora necesario o material que vai perdendo polo uso.
- Perfilados periódicos naqueles pavimentos que se atopen xunto ao céspede.

REPOSICIÓN:

- Para todas as reposicións utilizaranse plantas, arbustos, ..., idénticos en características botánicas ás que no momento de sustitución reunía o exemplar a sustituir.
- Os custos serán por conta do Concello no suposto de que os suministros sexan como consecuencia de actos vandálicos ou causas alleas ao mantemento. En todo caso, os traballos de reposición estarán incluídos dentro dos labores propios do mantemento.
- Figura un cadro resumo de frecuencias:
  - Plantas de tempada (iguais ás que existan anteriormente): 2 veces/ano; xuño-outubro
  - Plantas vivaces: 2 veces/ano; xuño-outubro
  - Árbores e arbustos: s/n; xaneiro-febreiro
  - Sembra de céspede: 1 vez/ano; marzo ou setembro

PROBLEMÁTICA E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

- Figuran cadros por instalación incluidas as zonas verdes onde se relaciona a problemática detectada e a súa proposta de actuación. Esta relación de propostas son inherentes ao prego obxecto do contrato e realizaranse durante o transcurso do mantemento, incluso algunhas nos primeiros tres meses de contrato.
- Figuran fichas de cada instalación onde describen a situación actual e as actuacións correctoras. Aparecen fotos complementarias.

ORGANIGRAMA FUNCIONAL DO SERVIZO - FUNCIÓNS

Este epígrafe no suposto de figurar no apartado específico de Medios humanos propostos, non se considerará a efectos de valoración no actual.

- Adoptaranse todas as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e os bens que puideran verse afectados debido á realización dos traballos.
- A empresa conta con persoal técnico cualificado, persoal administrativo e persoal operario.
- Sustitución do persoal no caso de baixa temporal ou definitiva, favorecéndose nestes supostos a contratación de cidadáns do Concello de Santiago.
- Figura un organigrama de empresa e funcións do persoal.

OUTRA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- Importante: figuran 2 cadros resumo de temporalización dos labores, un para os campos de fútbol e outro para as zonas verdes.
- Figura un plano a escala 1:5000 de temporalización no que se recollen de forma esquemática, desprazamentos, maquinaria a empregar segundo o labor e recinto, en definitiva, datos para a temporalización da xestión de cada superficie a manter.
- Figura un cadro de xestión semanal-tipo de mantemento dos campos de fútbol e zonas verdes.

PROGRAMA DE TRATAMENTO FITOSANITARIO E ABONADO

- Figura unha completa documentación respecto destes traballos con indicación dos medios humanos necesarios, medios materiais e rendemento medio.
- Recolle nalgún caso datos xa comentados nos epígrafes anteriores respecto desta cuestión.
- A maiores, figuran 3 cadros-resumo do programa de tratamentos fitosanitarios moi completos onde se recollen, entre outras cuestións, produtos a empregar, doses, frecuencias, ... todo esto segundo se trate de funxicidas, herbicidas, insecticidas e abonados.

**SISTEMAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN**

- Comunicación vertical dunha maneira directa co mínimo transcurso de tempo entre a observación dunha incidencia e a solución executada.
    - INCIDENCIA-XEFE DE SERVIZO-TÉCNICO CONCELLO-EQUIPO DE XARDINERÍA
- Horario do persoal en xornada partida (total 9 horas):
    - De 8,30 a 13,00
    - De 14,30 a 17,30 h.
- A execución dunha hora extra por motivos de forza maior realizaríase entre as 17,30 e as 18,30 h.
- O Concello disporá do número do xerente.
- A empresa dispón dun servidor porpio FTP, mecanismo empregado para transferir arquivos entre ordenadores. A través deste sistema poderase acceder aos datos (partes de traballo e incidencias) e ser consultado en tempo real. Os datos actualizaríanse ao día seguinte, co obxecto de que o responsable teña á súa disposición TODA a información das tarefas efectuadas o día anterior. (figura pantallazo a modo de modelo)
- Prestará un servizo de atención ao público en horario de luns a venres de 8,30 a 13,00 e de 14,30 a 17,00. os sábado de 9,30 a 13,30 h. En verán o horario redúcese lixeiramente.
- Disporá a través da súa páxina web un buzón de suxestións.

## 1.2.-Plans de control e inspección. (5 puntos)

**PROCEDEMENTO DE CONTROL DO SERVIZO**

A empresa propón que seguirá o seguinte procedemento de resultar adxudicataria.

- 1. Xuntanza previa do técnico de ARCE cos técnicos do Concello para planificar labores de mantemento de todo o ano. Visita ás instalacións para tomar decisións in situ.
- 2. Transmisión das decisións adoptadas aos operarios. Estes cubrirán todos os días o PARTE DIARIO DE TRABALLO.
- 3. Realizaranse visitas periódicas polo técnico de ARCE deixando constancia das mesmas nunha ACTA DE VISITAS DE SUPERVISIÓN DE MANTEMENTO DE XARDINS.
- 4. Unha vez ao mes, proponse unha xuntanza cos técnicos do Concello para seguimento do servizo.
- 5. Ao finalizar cada mes realizarase un RESUMO MENSUAL dos partes de mantemento que se remitirá ao Concello.

Por último, indica que como norma xeral, ao finalizar cada ano a empresa elabora un INFORME ANUAL , que contén un resumo das actividades realizadas, incidencias, ...

Figuran modelos de partes de mantemento, actas de visitas, fichas que orientan sobre o control na utilización de produtos fitosanitarios.

A mayores define cuestión xerais da empresa, nalgúns casos adaptadas ao servizo, como son os seguintes plans:

Plan de control de calidade

- Ten implantado un SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTE conforme ás normas internacionais UNE-EN ISO 9001:2000 e UNE-EN ISO 14001:2004.
- A porcentaxe que a empresa asigna para o control de calidade durante a realización do servizo será de ata o 3% do orzamento de execución material.
- Implantará para aseguramento de calidade da execución de controis:
    - 1. Tipo interno (Plan de aseguramentos de calidade)
    - 2. Tipo externo (Plan de control de calidade)
- Aparecen detallados os mecanismos de control que ten previsto seguir a empresa. A maiores, figuran fichas explicativas de accidentes potenciais e plans de emerxencia.

- Presentan certificado ISO 9001:2008 para creación e mantemento de xardíns e campos deportivos, ..., válido ata 10 de marzo de 2012.

Plan medioambiental

- Presenta un plan bastante detallado respecto desta cuestión onde describe a sistemática empregada para a segregación e xestión de todos os residuos xerados no desenvolvemento de obras e aplicable ás actividades, traballos e servizos desenvolvidos no presente contrato.
- Contémplanse os procedementos a seguir no caso de residuos perigosos e outros. Figura modelo de etiquetado de residuos perigosos.
- Figura un cadro de definición de responsabilidades por parte do persoal de empresa entre os que se atopa un responsable de calidade e medioambiente.
- Presenta fotocopia do certificado ISO 14001:2004 para creación e mantemento de xardins e campos deportivos válida ata 10 de marzo de 2012.

Plan de seguridade e saúde

- Dentro da oferta aparece un extenso documento onde se definen os medios de protección e medidas de prevención de riscos de accidente e enfermidades profesionais, a empregar na execución do servizo obxecto deste contrato.
- Figura ademais un cadro resumo de avaliación de riscos para os campos de fútbol e zonas verdes.

Plan de actuación ante emerxencias (1 hora)

- Indica que terá dispoñibilidade todo o ano de atender calquera emerxencia en menos dunha hora desde o seu aviso.
- Presenta un plan de atención de emerxencias que describe a forma de proceder ante calquera incidencia na planificación diaria dos traballos, que por razóns de urxencia ou por risco para as persoas e bens, necesiten ser subsanadas na maior brevidade de tempo.
- Describe 4 accións básicas para a resolución de emerxencias:
  - Identificación
  - Vias de comunicación
  - Resolución de incidencias
  - Rexistro de emerxencias

## 2.- Medios materiais propostos. (15 puntos)

### 2.1.-Maquinaria e ferramenta a disposición do contrato: número e características. (10 puntos)

- Figura un primeiro punto dentro deste epígrafe titulado "Inversión de medios adscritos" onde aparece un listado de máquinas que se entende que ten a empresa e que aportará para as necesidades do servizo.
- A continuación figuran fichas individuais coa descrición técnica e funcional da maquinaria.
- Ver cadro 2, no que figura unha relación máis ou menos detallada da maquinaria enumerada na oferta. Para establecer a comparativa que se recolle no mencionado anexo I, seleccionouse a maquinaria que se considera máis axeitada da proposta pola empresa.

**Importante salientar** que no que respecta a esta maquinaria, a oferta non é moi explícita respecto da súa total disposición para a prestación do servizo. A maiores, no apartado de organización xeral do servizo, xunto cos labores a desenvolver figura a maquinaria a empregar. Non obstante, a efectos de valoración deste epígrafe considérase a que se recolle unicamente no mesmo.

### 2.2.-Plan de mantemento. (5 puntos)

- Dous tipos de mantemento:

- Preventivo, labores realizadas preferentemente por operarios encargados de maquinaria, e cando sexa preciso, polo encargado de taller especializado co que conta a empresa. Dispón de fichas de rexistro de mantemento preventivo para comprobar as operacións de mantemento efectuadas.
  - Figuran fichas dos vehículos e da maquinaria para o seu mantemento (segundo aconsellan os fabricantes)
- Correctivo, Mantemento non programado debido a unha avaría ou similar.

- Figura un apartado de perfeccionamento de maquinaria e métodos de traballo. Neste apartado recóllense labores que propón desenvolver para mellorar o aspecto das zonas a manter. Enuméranse:
  - 1. Plan de choque ou actuación inicial
  - 2. Poda de arborado con plataforma elevadora
  - 3. Recollida de follas otoñais ( recolledora)
  - 4. Limpeza de pavimentos (hidrolimpadora)
  - 5. Retirar tocóns de superficie emerxente (destoconadora)
  - 6. Tratamentos fitosanitarios e herbicidas (fumigadora 800 L)
- Figuran fichas detalladas de produtos e material de suministro
- Tamén aparece na oferta unha descrición técnica das medidas empregadas por xardineria ARCE SL para asegurar a calidade do suministro e a avaliación de proveedores propios.

## 3.- MEDIOS HUMANOS PROPOSTOS . (10 PUNTOS)

### 3.1.-Relación de traballadores a disposición do servizo (cualificación e cuantificación)

MEDIOS ADSCRITOS E PROPIOS DO SERVIZO

- Enumera os traballadores que realizarán os traballos de mantemento das instalacións, tanto de campos como de zonas verdes.
- Figura un cadro resumo onde se relacionan as horas a disposición do servizo de cada traballador.
  - Oficial xardineiro: 1.700 h/ano (xornada completa segundo convenio)
  - Auxiliar xardineiro: 360 h/ano
  - Auxiliar xardineiro, como retén de urxencias, segundo necesidades. Non indica horas.
  - Oficial condutor: Segundo necesidades. Non indica horas
  - Enxeñeiro Técnico Agrícola: Experiencia 4 anos campos de fútbol. Supervisor do servizo. 3 h/semana.
- Do persoal enumerado figura unha ficha de historial profesional. Destacar que a nivel de experiencia non se concreta que sexa en campos de fútbol.

PLAN DE FORMACIÓN ESPECÍFICO

- Presenta un mapa de formación para os traballadores onde recolle os coñecementos adquiridos e as necesidades de formación a desenvolver.
- Posteriormente define o Plan de formación, ordenando as accións previstas, para un período de tempo estimado de 4 anos. Para a elaboración deste Plan a fonte básica de información é o cuestionario de necesidades que se recolle no mapa de formación comentado anteriormente.
- Este apartado complétase cun cadro resumo de unidades formativas, indicando modalidade (presencial ou semipresencial), duración, traballadores afectados e participantes.

| | 1.1 | 1.2 | 2.1 | 2.2 | 3 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PUNTUACIÓN | 4,5 | 5 | 9 | 5 | 10 | 33,5 |

CONCELLO DE SANTIAGO

En base ao anteriormente exposto a puntuación final de cada unha das ofertas ordenada de maior a menor puntuación sería a seguinte:

| EMPRESA | PUNTUACIÓN FINAL |
|---|---|
| 1. JARDINERÍA ARCE, S.L. | 33,5 puntos |
| 2. CESPA, S.A. | 33 puntos |
| 3. ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, S.L. | 25 puntos |
| 4. XARDÍNS SENRA, S.L. | 20 puntos |
| 5. GECOTOP, S.L. | 20 puntos |
| 6. ISO-RIPARIA, S.L. | 19 puntos |

É canto temos que informar salvo opinión mellor fundada.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2012

Asdo.: **José Antonio Mosquera Rodríguez**
Xefe do Departamento de Parques e Xardíns

Asdo.: **Juan C. Garabato Rodríguez**
Técnico en Programación e Xestión Deportiva

DEPARTAMENTO DE DE... CONCELLO DE SANTIAGO

## CADRO 2. MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS. (15 PUNTOS)

**1.1 MAQUINARIA E FERRAMENTA A DISPOSICIÓN DO CONTRATO: NÚMERO E CARACTERÍSTICAS. (10 puntos)**

| XARDÍN SENRA | GECOTOP | ISO-RIPARIA | ANIBAL SOTO | CESPA, SA | ARCE |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 Tractor John Deere<br>• Non figura máis información | 1 Tractor<br>• Potencia: 35 CV<br>• Con pala, fresa, desbrozadora,... | 1 Tractor cortacésped John Deere X740<br>• Potencia: 24 CV<br>• Ancho de corte: 122 cm<br>• Capacidade recolledor: 560 libras | 1 Tractor compacto John Deere<br>• Potencia: 90 CV | 1 Tractor campos deportivos John Deere<br>• Potencia: 36 CV<br>• Ancho de traballo: según apero | 1 Tractor Lamborghini<br>• Potencia: 45 CV |
| 1 Tripleta de corte helicoidal, marca John Deere<br>• Non figura máis información | 1 Segadora helicoidal autopropulsada<br>• Ancho de corte: 100 cm<br>• Unidades de corte: 8 contracuchillas e con recolledor | 1 Segadora helicoidal Búffalo 34<br>• Ancho de corte: 86 cm<br>• Unidade de corte: doble molinete helicoidal de 8 coitelas soldadas | 1 Tripleta de sega helicoidal hidrostática John Deere<br>• Ancho de sega: 1,8m con 3 recolledores | 1 Segadora helicoidal Jacobsen Ransomes<br>• Ancho de sega: 100 cm<br>• Unidade de corte: 8 contracoitelas e recolledor | 1 Tripleta helicoidal John Deere<br>• Ancho de corte: 1980 mm<br>• 3 unidades de corte flotantes de 660 mm |
| 1 Pinchadora/aireadora Verti-Drain (modelo 7516)<br>• Ancho de traballo: 1,80 m.<br>• Profundidade ata 400 mm<br>• Pinchado sólido e oco | 1 Pinchadora/aireadora autopropulsada<br>• Rendemento: 200 orificios/m2 | 1 Aireadora/pinchadora<br>• Ten que alugala<br>• Non figuran datos | 1 Pinchadora Redexim (modelo 7521). Incorporada a tractor<br>• Ancho de traballo: 2,10 m.<br>• Profundidade ata 40 cm<br>• Pinchado sólido e oco | 1 Aireadora-pinchadora Verti-Drain (modelo 7212)<br>• Ancho de traballo: 1,20 m.<br>• Profundidade ata 250 mm<br>• Pinchado sólido e oco, de 200 a 400 orificios/m2 | 1 Aireadora-taqueadora Verti-Drain<br>• Ancho de traballo: 675 mm<br>• Profundidade: 150 mm |
| 1 Recebadora/esparcedora, modelo Youngsters<br>• Non figura máis información | 1 Recebadora autopropulsada<br>• Capacidade tolva de alimentación >1 m3<br>• Regulación polo menos entre 0,2 e 3 cm por pase | Recebadora autopropulsada<br>• Ten que alugala<br>• Non figuran datos | 1 Recebadora<br>• Capacidade de tolva de alimentación :2 m³ | 1 Recebadora modelo RinK 1205<br>• Recebadora de cepillo<br>• Ancho de traballo: 1,8 m<br>• Capacidade: 1 m3 | 1 Recebadora (+0,6 m³) GS 10 Rink<br>• Anchura de traballo: 1,5 m<br>• Capacidade de tolva:0,64 m³ |
| 1 Escarificadora modelo Amazone-Tondobalai<br>• Non figura máis información | 1 Escarificadora autopropulsada<br>• Profundidade de traballo ata 5 cm | 1 Escarificador Benza mod. ER 45<br>• Anchura de corte: 45 cm<br>• Non profesional | 1 Máquina de escarificar ou segar Carroy<br>• Ancho de traballo: 125 cm | 1 Escarificadora Verticut recogedor modelo Amazone-Groundkeeper<br>• Ancho de traballo: 125 cm.<br>• Cuba recolledora: 900 l. | 1 Escarificador tipo Verti-Cut Amazone 120<br>• Anchura de traballo: 120 cm<br>• Profundidade de traballo: 0-30 mm |
| 1 Sembradora, modelo Sember<br>• Non figura máis información | 1 Sembradora/abonadora<br>• Rotativa centrífuga, ancho de traballo >3m | | | 1 Resembradora Ryan Mataway<br>• Ancho de traballo: 70 cm<br>• Sistema de sembra directa | 1 Sembradora Sembdner RS 80 N |
| 1 Abonadora Vicon<br>• Capacidade 300 l | | | 1 Abonadora Howwar incorporada a tractor<br>• Capacidade: 400 l. | 1 Abonadora centrifuga Amazone EK-S<br>• Capacidade de tolva: 300 l<br>• Ancho de traballo: de 200 a 700 m. | 1 Abonadora rotativa centrífuga<br>• Volume 400 L<br>• Tova metálica |
| 1 Máquina recollecanutos. Marca John Deere<br>• Non figura máis información | | | 1 Barredora (recollecanutos) Verti-top<br>• Ancho efectivo: 1,50 m. | 1 Recolledor de tacos Jacobsen Ransomes<br>• Ancho de traballo: 120 cm<br>• Acoplado a vehículo | 1 Barredor recolle canutos Jhon Deere<br>• Ancho de traballo: 122 cm. |
| 1 Marcadora pintadora | 1 Marcadora pintadora | 1 Marcadora tiraliñas Cesprint<br>• Depósito: 18 l.<br>• Tempo medio de marcaxe: 45 minutos. | | 1 Pintadora marcadora<br>• Depósito: 18 l.<br>• Tempo de marcaxe: de 20 a 30 minutos | 1 Pintadora de lineas Toro<br>• Potencia: 13 CV. |
| 1 Fumigadora<br>• Capacidade 300 l<br>• Incorporada a tractor | 1 Equipo para tratamento fitosanitario<br>• Depósito: 200l.<br>• Ancho de traballo: 3 m. | | 1 Carro pulverizador(tratamento fitosanitario)<br>• Depósito: 600 l.<br>• Remolcable a coche | 1 Cuba de tratamentos Cade<br>• Ancho de traballo: 300 cm<br>• Depósito: 200 l | 1 Fumigadora de brazos<br>• Capacidade: 800 l |
| 1 Tepeadora<br>• Non figura máis información | 1 Tepeadora<br>• Ancho de traballo: 40 cm<br>• Profundidade de traballo: 3- 8 cm | 1 Carretilla sulfatadora<br>• Capacidade 100 l | 1 Atomizador | 1 Barredora Cade<br>• Ancho de traballo: 100 cm | Taqueadora Redexim<br>• Anchura de traballo: 675 mm<br>• Profundidade de traballo: 150 mm |
| 1 Grada de cepillos e malla de barrido | 1 Cortacéspede autopropulsado.<br>• Ancho de corte: 50-75 cm | 1 Cortacéspede profesional.<br>• Ancho de corte: 53 cm | 1 Grada Amazona incorporada a tractor<br>• Con dentes rixidos, flexibles e cepillos<br>• Ancho de traballo: 2 m. | 1 Cortacéspede Outis Wolf.<br>• Ancho de corte: 51 cm | 1 Corta césped Outis Wolf<br>• Ancho de corte: 46 cm |
| 1 Cortacéspede. Recortabordes | 1 Soplador-aspirador | 1 Soplador Sthill | 1 Cortacéspede rotativo autopropulsado.<br>• Ancho de corte: 50 cm | 1 Soplador Sthill<br>• CV: 4,3<br>• Caudal máximo: 1.380 m3/h | 1 Rodillo de carga en agua<br>• Ancho de traballo: 180 cm |
| | | | 1 Soplador Sthill<br>• Caudal: 1.210 m³/h. | | 1 Soplador-aspirador Sthill<br>• CV: 1,1<br>• Caudal: 625 m³/h |
| | | | 1 Cepillo triangular de arrastre Verti-Broom<br>• Ancho de traballo: 240 cm | | |

**CADRO 2. MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS. (15 PUNTOS)**

| | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Figura unha relación de maquinaria sen case especificacións técnicas, nin fotografías de cada unha delas.<br><br>Non existe compromiso explícito de dispoñibilidade desta maquinaria a disposición do servizo.<br><br>Non figura unha relación de útiles para o mantemento das zonas verdes. | Figuran fotos de cada máquina e unha moi breve descrición das especificacións técnicas.<br><br>Unicamente indica que como mínimo poñerá a disposición do servizo o material indicado.<br><br>A maquinaria aportada parece demasiado axustada á baixa, no que se refire a prestacións técnicas, en base ao servizo a desenvolver. | Figuran fotos e fichas técnicas completas de cada máquina.<br><br>Figura nun anexo a maquinaria que a empresa dispón para a prestación do servizo. Parte da maquinaria exposta é pouco apropiada para o servizo a desenvolver.<br><br>Parte da maquinaria debe alugala. Non obstante, manifesta o compromiso de comprar ao alugar aquela maquinaria específica que se precise | Figura unha relación nominal das máquinas das que dispón a empresa, con algunhas características técnicas. Figura un dossier de fotos con labores de mantemento e algunha das máquinas.<br><br>Indica que os medios materiais dos que se dispón se poñen a disposición do servizo como mellor conveña, podendo ser requirida en calquera momento.<br><br>A maquinaria é de gran capacidade. | Figura unha extensa relación de maquinaria xunto cun dossier coas características técnicas de gran parte das máquinas e fotografías.<br><br>Compromete explícitamente un número importante de máquinas que pon a disposición en exclusiva deste servizo e que estará sempre dispoñible nas instalacións de San Lázaro. A maiores, aparece outra relación de maquinaria con dedicación parcial.<br><br>Vista no seu conxunto parece a oferta máis equilibrada en canto a prestacións, número de máquinas para a prestación do servizo e compromiso de dispoñibilidade. | Figura unha relación de maquinaria xunto cun dossier completo coas características técnicas de cada máquina e fotografía.<br><br>Recolle un primeiro punto dentro deste epígrafe titulado "Inversión de medios adscritos" onde aparece o listado de máquinas ao que se fai mención anteriormente, entendéndose que as aportará para as necesidades do servizo. |
| | A maiores da maquinaria citada figura na relación:<br>1 Veerti-Drain<br>1 Recebadora marca Rink<br>1 Recollecanutos Incorporada a tractor<br>1 Tractor marca John Deere<br>1 Máquina Mustang cargadora<br>1 Máquina retroescavadora<br>1 Cortacéspede con asiento<br>1 Fumigadora<br>1 Zanjadora<br><br>Equipo de transporte de maquinaria (Remolques, furgoneta, camións,...). | A maiores da maquinaria citada figura na relación:<br>1 Escarificador autopropulsado<br>2 segadoras cortabordes<br>2 tractores cortacéspedes<br>2 cortacéspedes autopropulsados<br>2 cortasetos<br>2 motoserras<br>Pequeno material de xardinería.<br><br>Equipo de transporte de maquinaria (Furgonetas, camión,...). | A maiores da maquinaria citada figura na relación:<br>2 Tractores cortacéspede<br>3 tractores desbrozadora<br>2 desbrozadoras<br>Varios Cortacéspedes pequenos<br>Varias desbrozadoras manuais<br>3 Cortasetos<br>2 Sopladores<br>3 motoserras<br>1 Escarificador<br>1 motoazada<br>2 hidrolimpadoras<br>1 Cortasetos<br><br>Equipo de transporte de maquinaria (Remolques, furgoneta, camións,...). | A maiores da maquinaria citada figura na relación:<br>1 Tractor grande con varios implementos para desbrozar.<br>1 Barredora recollecanutos (implemento tractor)<br>1 Plataforma de sega arrastrada (implemento tractor)<br>2 Tractores, un deles grande<br>1 Miniescavadora<br>1 Tractor cortacéspede Jonh Deere<br>Desbrozadoras ríxides<br>Cortasetos<br>Motoserras de poda<br>Rebordeadora de coitela ríxida<br>Maquina de escarificar<br>Motocultor diesel con diversos implementos<br>Hidrolimpadora<br>Implementos manuais e ferramentas de taller<br>Remolque basculante<br>Dumper autocargante<br>Equipo de transporte | A maiores da maquinaria citada figura na relación:<br>2 Tractores de sega John Deere<br>1 Desbrozadora Sthill<br>1 Escarificador honda<br>1 Alreadora pinchador lixeira Jacobsen Ransomes<br>1 Abonadora centrífuga manual<br>1 Mochila pulverizadora<br>1 Rulo manual<br>1 Zanjadora manual<br>1 Vehículo multiusos cushman<br>2 Desbrozadoras zonas verdes<br>1 Cortacéspede<br>1 Segadora<br>1 Tractor agrícola de 45 CV<br>1 Grupo electróxeno<br>1 Radial<br>1 Soldador<br>1 Motocultor<br>Un cadro completo de ferramenta de xardinería<br><br>Para actividades programadas a seguinte maquinaria:<br>Plataformas elevadoras, motoserras de pértiga, cortasetos de pertiga, tijera de poda neumática, compresor, trituradora restos de poda, ...<br><br>Equipo de transporte de maquinaria (Remolques, furgoneta, camións,...). | A maiores da maquinaria citada figura na relación:<br>1 Desbrozadora Sthill FS 350<br>1 Equipo carretilla sulfatadora<br>1 Ransomes Mastiff<br>1 Taqueadora aireadora Lawnaire<br>1 Cortadora de tepes John Deere<br>1 Cortasetos Sthill<br>1 Motosierra Sthill<br>1 Atomizador Sthil<br>Cortacéspede de asento<br>Ferramenta de man e EPI,s<br><br>Outra maquinaria pesada que se recolle no dossier: (sen indicar dispoñibilidade).<br>Zanxadoras, Apisonadoras, Traspalet, Motoazada, Rotovator, enterrapedras, Cargadora Mustang, Miniescavadora, ...<br><br>Figura no dossier equipo para o transporte de maquinaria. |
| | **PUNTUACIÓN: 7 puntos** | **PUNTUACIÓN: 6 puntos** | **PUNTUACIÓN: 5 puntos** | **PUNTUACIÓN: 8 puntos** | **PUNTUACIÓN: 10 puntos** | **PUNTUACIÓN: 9 puntos** |

**CADRO 2. MEDIOS MATERIAIS PROPOSTOS. (15 PUNTOS)**

| | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN | CONCLUSIÓNS E PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.2.- PLAN DE MANTEMENTO (5 PUNTOS) | Indica que ten un Plan de mantemento preventivo sobre os equipos que se empreguen na produción.<br>Di que o plan é detallado para cada equipo e vehículo.<br>Os vehículos empregados someteranse a revisións e mantementos periódicos.<br>Di que efectuará intervencións sistemáticas sobre os equipos para reducir o número de avarías.<br><br>**Importante**: Non figuran fichas tipo, nin programas específicos, ... | Aparece un planing de mantemento da maquinaria cos seguintes labores:<br>• Cambio de aceite<br>• Afiado de elementos<br>• Limpeza/cambio de filtros<br>• Revisión/cambio de rodas<br>• Limpeza, desinfección e revisión xeral.<br><br>Indica que disporá de instalacións propias para o desenvolvemento dos labores descritos no prego (garaxes, almacéns, viveiros, oficinas, ...) | Figuran cadros resumos cos labores de mantemento a facer en cada máquina e a súa periodicidade. (Niveis de aceite, filtros, afiados, vibracións, limpezas, ...) | Plan de mantemento segundo as prescricións técnicas de cada fabricante e segundo necesidades de uso.<br>Antes de cada actuación fan un parte de incidencias no que se comproban aspectos tales como:<br>• Fuga de combustibles, de lubricantes<br>• Niveles<br>• Afiado e regulacións específicas<br>• Fugas hidráulicas, ...<br><br>Indica periodicidade dos afiados de coitelas das máquinas rotativas.<br>Existe un stock de pezas de desgaste máis habituais.<br><br>A destacar que non figura ningún tipo de ficha modelo, nin cadro resumo de mantemento con labores e actuacións. | Dispón dos certificados ISO 9001, ISO 1401 E OHSAS.<br>Indica que dispoñer destas certificacións implica ter implantados sistemas de calidade no referente ao mantemento da maquinaria.<br>Estruturación do seu Plan de mantemento.<br>1. Dispoñer de fichas de mantemento de cada máquina. Elaboradas segundo o libro oficial de mantemento.<br>2. Dispoñer dunha base de datos de mantemento. Anótase o histórico de mantemento de cada máquina, as lecturas do contador e cando toca o seguinte mantemento preventivo.<br>3. Lectura mensual de contadores. Todos os meses realízanse unhas lecturas de contadores da maquinaria.<br>4. Pegatina en cada máquina que indique o próximo mantemento previsto. Figura modelo.<br>5. Taller e mecánico propio, o que permitirá ser máis eficientes ante calquera incidencia.<br>6. Formación dos operarios no manexo e mantemento rutinario.<br>7. Servizos e talleres técnicos concertados en Santiago.<br>8. Asistencia técnica dos proveedores das máquinas e suministro de pezas en 24 horas.<br>Figuran as fichas resumo de mantemento das principais máquinas onde figuran tanto as operacións de mantemento a realizar (intervalos e frecuencias) como as comprobacións e operacións que ten que efectuar o operario da máquina. Esta última pégase visiblemente en cada máquina con adhesivo. | Dous tipos de mantemento:<br>Preventivo, labores realizados preferentemente por operarios encargados de maquinaria, e cando sexa preciso, polo encargado de taller especializado co que conta a empresa. Dispón de fichas de rexistro de mantemento preventivo para comprobar as operacións de mantemento efectuadas.<br>Figuran fichas dos vehículos e maquinaria para o mantemento (segundo aconsellan os fabricantes)<br>Correctivo, Mantemento non programado debido a unha avaria ou similar.<br>Figura un apartado de perfeccionamento de maquinaria e métodos de traballo. Neste apartado recóllense labores que propón desenvolver para mellorar o aspecto das zonas a manter. Enumeránse:<br>1. Plan de choque ou actuación inicial<br>2.Poda de arborado con plataforma elevadora<br>3.Recollida de follas otoñais ( recolledora)<br>4.Limpeza de pavimentos (hidrolimpadora)<br>5. Retirar tocóns de superficie emerxente (destoconadora)<br>6. Tratamentos fitosanitarios e herbicidas (fumigadora 800 L)<br>Figuran fichas detalladas de produtos e material de suministro<br><br>Tamén aparece na oferta unha descrición técnica das medidas empregadas por xardinería ARCE SL para asegurar a calidade do suministro e a avaliación de proveedores propios. |
| | **PUNTUACIÓN: 3 puntos** | **PUNTUACIÓN: 3 puntos** | **PUNTUACIÓN: 3 puntos** | **PUNTUACIÓN: 3 puntos** | **PUNTUACIÓN: 5 puntos** | **PUNTUACIÓN: 5 puntos** |

DEPARTAMENTO ... CONCELLO DE SANTIAGO

